

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de MAIO de 2008**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 30 de maio de 2008, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/08, do 25 de abril.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 3.851 á nº 6.900, de 2008.

Economía, Facenda e Especial de Contas

3.-Informe sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria na “Unidade Institucional” que conforma a Deputación provincial: Liquidación e estados financeiros do exercicio 2007.

4.-Informe sobre o Plan de auditorías das subvencións provinciais aboadas no exercicio 2006 e proposta do Plan de control financeiro das subvencións pagadas no exercicio 2007.

5.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Arzúa.

6.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Porto do Son.

7.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello da Capela.

8.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Carnota.

9.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello das Somozas.

10.-Expediente de modificación de créditos nº 1/08, de recoñecemento extraxudicial de créditos e de modificación da Base 48ª das de execución do Orzamento provincial do exercicio 2008 referida ás subvencións nominativas.

11.-Informe da Fiscalización “a posteriori” realizada sobre a xestión tributaria do exercicio 2007: Recursos propios e recursos doutros entes públicos.

[12.-Dar conta do estado e contas anuais do exercicio 2007 da Fundación Axencia de Enerxía da Provincia da Coruña \(FAEPAC\).](#)

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[13.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Cultural Monte Branco.](#)

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[14.-Aprobación do proxecto reformado de travesía na D.P. 0905 de Betanzos ao límite da provincia de Lugo do P.Q. 6,11 ao P.Q 7,56, Paderne.](#)

[15.-Aprobación do proxecto reformado de travesía na D.P. 3004 de Cabanas a Martinete P.Q. 0,3 a P.Q. 1,40 \(A Coruña\), A Coruña.](#)

[16.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras: AMPLIACIÓN E MELLORA DE D.P. 2502 DESDE O P.Q. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADAS \(VALDOVIÑO\).](#)

[17.-Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2008 2ª FASE: TRAVESÍA DE CALVARIO AO PAO DE LOBO NA D.P. 2403 \(CERCEDA\).](#)

[18.-Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 2ª RELACIÓN:](#)
-Saneamento na D.P. 1003 de Vista Alegre á Arentia. Boimorto.
-Travesía na D.P. 7202 Rianxo a Burés por Asados P.Q. 0,45 ao P.Q. 1,45. Rianxo.
-Mellora da seguridade viaria da D.P. 1002 de Boimorto a Muros pola Gándara, P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+680. Boimorto.

[19.-Aprobar provisionalmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2008, 1ª FASE, 1ª RELACIÓN.](#)
-Travesía de Liñares (Brión) na D.P. 1301 da Gándara a Amañecida, do P.Q. 0+370 ao P.Q. 0+650. Brión.
-Travesía de Luaña na D.P. 1301 da Gándara a Amañecida P.Q. 8+550 ao P.Q. 8+740 (Brión-A Coruña).

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

[20.-Aprobación das bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008.](#)

[21.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ordenación, urbanización e mellora urbana na parcela da Galea” do Concello de Miño, incluída no Plan de investimentos locais 2005. Código 05.3200.0131.0.](#)

22.-Aprobación da primeira programación das actuacións a executar do proxecto “Sendas”, presentado na convocatoria de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o período 2007-2010.

23.-Aprobación da 2ª e última fase da anualidade 2005 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a Deputación, incluídas no IV Convenio de Cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

24.-Aprobación das bases reguladoras do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

25.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación da praza da Reitoral” do Concello de Neda, incluídas no Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) adicional 2 /2007. Código 07.2102.0433.0.

26.-Aprobación do proxecto reformado nº 1 da obra “Reforma da nave do mercado de gando” do Concello de Curtis, incluída no Programa operativo local (POL) 2006. Código 06.2300.0211.0.

27.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento da praza de abastos 1-F” do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2005. Código 05.2100.0216.0.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

28.-Formalización dun convenio para promover o financiamento das obras de rehabilitación do recinto feiral de Ferrol.

29.-Acordo sobre a iniciación do proceso de constitución do Consorcio da Costa da Morte.

30.-Proposta de modificación do proxecto Interreg.III A Galicia Norte de Portugal Parque.

31.-Programa de apoio ao proxecto Cidades Dixitais.

[32.-Proposta de aprobación das bases reguladoras do Programa de mellora da calidade turística do Eume.](#)

ACTUACION DE CONTROL

[MOCIÓN](#)

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 30 DE MAIO DE 2008**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de maio de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE

DON BERNARDINO HIGINIO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

A Sra. Vázquez Veras e o Sr. Villamar Díaz entran unha vez iniciada a sesión.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario xeral procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/08, DO 25 DE ABRIL.

Apróbase a acta da sesión anterior nº 5/08, do 25 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 3.851 Á Nº 6.900, DE 2008.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 3.851 á nº 6.900, de 2008.

3.- INFORME SOBRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA “UNIDADE INSTITUCIONAL” QUE CONFORMA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL: LIQUIDACIÓN E ESTADOS FINANCEIROS DO EXERCICIO 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na unidade institucional Deputación Provincial da Coruña cos datos obtidos das liquidacións dos orzamentos e dos estados financeiros do exercicio 2007, para dar cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O devandito informe conclúe que os resultados obtidos permiten, polo tanto, inferir razoadamente que a unidade institucional, integrada pola Deputación, o Consorcio Provincial de Incendios e a Fundación Axencia Provincial da Enerxía da Coruña (FAEPAC), cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos consolidados de contabilidade nacional, cunha capacidade neta de financiamento excedente do seus recursos non financeiros.”

4.- INFORME SOBRE O PLAN DE AUDITORÍAS DAS SUBVENCÍONS PROVINCIAIS ABOADAS NO EXERCICIO 2006 E PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO.- Aprobar o contido íntegro do informe emitido pola Intervención, no que se reiteran algunhas das recomendacións realizadas no exercicio anterior e xa incorporadas á nosa propia normativa: a esixencia dos pagamentos a través de transferencia, o financiamento de proxectos completos, a acreditación de que as actuacións de investimento se someten plenamente á legalidade vixente, así como a esixencia de que os beneficiarios de subvencións para actuacións en inmobles manteñan a afectación destes á finalidade para a que se concede a subvención polo menos durante cinco anos.

SEGUNDO.- Dándolle cumprimento ás Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2008, que se aprrobe un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións pagadas no exercicio 2007, que cos parámetros e criterios previstos na proposta terceira do informe de Intervención, quedaría do seguinte xeito:

- **UNIVERSO:** Todas as subvencións pagadas no exercicio 2007 con cargo aos capítulos 4º e 7º do Estado de gastos, exclúense aquelas nas que o beneficiario sexa unha entidade pública (achégase xa como anexo III do informe unha relación de todas as subvencións pagadas pola deputación no exercicio de 2007 a entidades privadas, ordenadas de maior a menor importe).
- **PROCEDIMENTO DE ESCOLLA:** Sobre a relación que suma en total 2.830 expedientes, establecer CATRO tramos, de xeito que das dez de maior importe sexa seleccionada unha de cada dúas (50 por 100), das cen seguintes unha de cada catro (25

por 100), das mil seguintes unha de cada 200 (o 5%), e das 1.720 restantes unha de cada cincocentas ou fracción de tal número (0,2%), consonte reflicte o seguinte cadro:

TRAMO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	10	50	5
2º	100	25	25
3º	1000	5	50
4º	1720	0,2	4
TOTAL:	2.830		84

5.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE ARZÚA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Arzúa en relación coas seguintes materias:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

6.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE PORTO DO SON.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Porto do Son en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Recadación voluntaria e executiva de taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón. O dito padrón anual poderá fraccionarse en dúas cotas semestrais, sempre que o concello titular da taxa ou prezo público recolla esta circunstancia na correspondente ordenanza fiscal municipal:

(1)Taxa polas reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

(2)Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

7.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA CAPELA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello da Capela. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

Como consecuencia da dita prórroga, o importe das entregas mensuais a conta da recadación elevarase a partir do vindeiro mes de xuño ao 90% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para os tributos que se indican na base sétima das Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, segundo a redacción acordada na sesión plenaria do 21 de decembro do 2007.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

8.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARNOTA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga da delegación na Deputación Provincial da Coruña das competencias delegadas da xestión tributaria e de recadación durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Carnota.

Como consecuencia da antedita prórroga, o importe das entregas mensuais a conta da recadación elevarase a partir do vindeiro mes de xuño ao 90% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para os tributos que se indican na base sétima das Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, segundo a redacción acordada na sesión plenaria do 21 de decembro de 2007.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

9.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DAS SOMOZAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga da delegación de competencias delegadas en materia tributaria que rematan orixinarmente o 1 de xaneiro de 2012, ata o 1 de xaneiro de 2022 acordada polo Concello das Somozas. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas desde o día do acordo plenario do concello, o 11 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

Como consecuencia da dita prórroga, o importe das entregas mensuais a conta da recadación elevarase a partir do vindeiro mes de xuño ao 90% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para os tributos que se indican na base sétima das Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, segundo redacción acordada na sesión plenaria do 21 de decembro de 2007.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

10.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/08, DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS E DE MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

PROVINCIAL DO EXERCICIO 2008 REFERIDA ÁS SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. A liquidación do Orzamento 2007 aprobouse por resolución da Presidencia o pasado 18 de febreiro e deuse conta no Pleno ordinario do día 29. Ao tempo fíxose a incorporación de remanentes de crédito do Orzamento 2007 ao 2008, mediante resolucións con data do 11 de marzo, a Presidencia aprobou os expedientes nº 1 e 2 por un importe de algo máis de 125 millóns e medio de euros. E hoxe traemos aquí o primeiro Expediente de modificación de créditos, o número un, correspondente ao exercicio 2008.

Podemos dicir que consta de dúas partes ben diferenciadas. Por un lado, o chamado expediente de repesca onde as economías están en fases RC, A e D, é dicir, remanentes non incorporables do exercicio pasado e que teñen que ter o visto e praxe do Pleno desta institución provincial se así o consideran. Estas economías, repito, son economías non incorporables a remanentes, polo tanto teñen que pasar polo Pleno desta institución, por algo máis de 26.320.000.

E xa entramos de feito cal é en si, ou que é en si, o expediente de novos gastos para o presente exercicio, o que forma realmente o núcleo deste documento. Podemos dicir que coa filosofía de gastar menos para facer máis e mellor, traemos á consideración desta cámara provincial un total de 42.400.000 euros, máis ou menos. Coa filosofía que antes dixen e cunhas características políticas que tratarei brevemente de debullar ao longo da miña intervención.

En primeiro lugar trátase dun expediente que busca investimentos a través de nova obra pública, os investimentos son os propios da institución, estradas, travesías, novas tecnoloxías de cara aos concellos, ou ben propios dos concellos a través de transferencias de capital, o que vai producir uns investimentos nos distintos concellos da provincia como son o Plan de cooperación provincial, a segunda fase de campos de herba artificial, o Plan de iluminación para distintos campos de herba que xa están en funcionamento e, neste caso, serán os propios concellos os que fagan a selección das obras, a súa contratación, a súa certificación, é dicir, que tratamos de seguir mantendo e profundando moitísimo máis na autonomía municipal como é propio desta institución.

(Incorpórase á sesión a Sra. Vázquez Veras).

Outro aspecto é que se atenden peticións singulares de concellos e institucións en distintas obras ou servizos, difíciles de encadrar en plans ou en programas concretos. Teño que dicir tamén que hai partidas que, aínda que

cuantitativamente non son elevadas, si cualitativamente merecen un trato especial, estoume referindo a esas partidas de cooperación e solidariedade moi concretas e onde encadramos, fundamentalmente, a de servizos sociais, pero tamén hai partidas con pequenas cantidades pero que si van influír a programas importantes desta deputación, estoume referindo concretamente a unha partida de 110.000 euros que vai de cara á petición de fondos FEDER e a culminar un dos programas estrela que os tres grupos políticos que formamos esta Cámara demos o visto e praxe e que se está desenvolvendo, como é o Plan estratéxico provincial nos seus tres eixes, coñecido por todos, e no cal non vou profundar.

Así mesmo, séguese apostando pola modernización da institución provincial para mellorar os servizos que se prestan aos concellos e, polo tanto, aos cidadáns da provincia, os programas de aplicacións informáticas, os programas de aplicacións, tamén, na propia recadación, como algo interno, investimento propio.

Incrementéntanse, así mesmo, partidas orzamentarias en Cultura e Deportes, para seguir fomentando a participación das entidades, concellos, clubs, para a ampliación de ofertas culturais e de deporte base. E xa o total do investimento dicindo, antes de dar unhas cifras globais, que segundo todos os informes estamos cumprindo a Lei de estabilidade orzamentaria, o que demostra que esta deputación leva un bo camiño económico como dicíamos nos orzamentos, un camiño sólido desde o punto de vista económico, e que así se mostra nos distintos informes que aparecen acompañando a este documento, o que nos debe facer aos políticos reflexionar e seguir incidindo en que as institucións deben de ser obxectivas e actuar de forma clara e transparente, pero os investimentos e transferencias, tanto de capital como correntes, que son o núcleo fundamental deste expediente, que marcan preto de 40 millóns de euros, o que representa o 93,95%, case o 94% van destinados a investimentos, a melloras de servizos, a actividades culturais e deportivas, a actividades lúdicas, en resumo de cada 100 euros, 93,95 van dirixidos a todas estas facetas que son a clave e que son o fundamento esencial da Deputación Provincial da Coruña e de todas as deputacións, indubidablemente. Todo iso inspirado na obxectividade, na transparencia, na cooperación e na solidariedade, mostrando así, se cabe, cada vez máis, que a deputación segue sendo e seguirá sendo o concello de concellos.

En canto ao financiamento, practicamente todo o financiamento, o cen por cen, aparece do remanente de Tesourería, agás unha pequena partida de baixas de algo máis de medio millón de euros, e que é moi didáctico, sempre unha imaxe vale máis que cen palabras, incluso que mil, moitas veces, pero que todos os deputados e señoras deputadas, teñen ao dispor duns gráficos que ilustran o que é en si este Expediente de modificación de créditos, e aí, polo miúdo, teñen as distintas partidas onde indubidablemente imos tratar o equipo de goberno, e apelamos tamén ao voto favorable do grupo do Partido Popular, tratar de mellorar eses servizos, tratar de que os investimentos e obra pública, dado os momentos económicos que atravesamos, sexa un elemento tamén de dinamización

económica da provincia e de loita contra o paro. Temos aí as transferencias de capital que marcan unha porcentaxe, o que está en cor vermella, e de onde salientariamos as subvencións nominativas a distintos concellos da provincia por algo máis de cinco millóns de euros, finalízase o Plan de naves de Protección Civil coa construción da de Corcubión, vanse facer convenios coas compañías eléctricas para mellorar o tendido, sobre todo en cascos históricos que producen un feísmo que debemos entre todos de tratar de eliminar, e indubidablemente aquí os dous programas estrela son os campos de herba artificial, na segunda fase, e o Plan de cooperación provincial na súa primeira fase, digamos, porque é o primeiro do exercicio 2008 e que representa a maior contía deste expediente con 10 millóns de euros, levándose a efecto cos mesmos criterios que o Plan de cooperación ás obras e servizos e dirixido aos municipios da provincia menores de 20.000 habitantes.

Igualmente aparece un novo programa para completar os campos de herba artificial, detectando que no momento en que os nenos e as persoas que van facer deporte nos campos de herba, atopábanse con que se facía de noite moi pronto, e por isto unhas campañas, un inicio, un plan piloto de campañas de iluminación.

O segundo aspecto importante en investimentos propios, incidir na necesidade de maior achega en vías provinciais, como xa anunciamos no debate dos orzamentos de 2008, así mesmo no Plan de travesías e unha serie de partidas que están aí ao alcance de todos, non os quero cansar con moitos números, si destacar algo importante en transferencias correntes, como son as subvencións aos Grupos Municipais de Intervención Rápida, os GRUMIR, para aboar a participación económica que lles corresponde aos distintos concellos.

E así, grosso modo, e crendo que a información podemos detallala, se cabe máis, entendemos que é un orzamento, como dicía nas características globais deste, que vai dirixido de forma obxectiva, transparente, cooperativa e solidaria aos nosos concellos e a distintas institucións da provincia, coa meta de mellorar os servizos, de mellorar que os nosos cidadáns se sentan partícipes desta institución provincial con investimentos e con distintas achegas que veñen a facer desta deputación, como xa dicía, un concello de concellos, que é o que debe ser. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Bos días a todos e a todas. Cando debatemos neste Pleno, no mes de novembro, a aprobación inicial dos Orzamentos para este ano 2008 desta institución provincial, o BNG cualificounos, basicamente, e globalmente, como uns orzamentos sólidos, e sólidos porque contiñan, e conteñen, todos os elementos, cremos nós, necesarios para atender de forma importante as competencias fundamentais do organismo provincial. Pero esa solidez non sería, ao mellor, un valor tan importante, se non tivese unha estabilidade no tempo, e vemos agora con este primeiro Expediente de modificación de créditos teriamos nós que volver a

cualificalo como sólido, sólido o propio expediente e solidez, tamén, da economía provincial, por moitas cuestións, algunhas delas xa a citou o voceiro, o Sr. Lagares, e eu tamén vou facer referencia a algunhas, simplemente e brevemente, das que me parecen máis significativas.

Falabamos tamén naquel Pleno de aprobación inicial dos orzamentos, de que había áreas que melloraban, incrementaban significativamente, a súa partida orzamentaria, unha delas, por exemplo, e nós citábamola expresamente, era a área de Asistencia a Municipios, é dicir, a colaboración cos concellos da provincia, que se traducía, efectivamente, no incremento que nos últimos anos tivera esa área. Pois ben, eu quero dicir, e aínda que non sexa nesa área en particular que, globalmente, aquí neste Expediente de modificación de créditos, o que se ve, incluso sen analízalo moi polo miúdo, é efectivamente que, a colaboración cos concellos, basicamente, tamén coas entidades, pero basicamente cos concellos, increméntase e increméntase dun xeito importante.

Hai unha partida de convenios e suplementos en materia cultural e deportiva, nada máis e nada menos, que de tres millóns, ben, supera os tres millóns de euros, cuestión que non nos parece para nada menor, tendo en conta que hai moi poucos meses que foi aprobado o Orzamento para o ano 2008, e que agora, poucos meses despois, sofre xa este incremento que, insisto, parécenos significativo e parécenos moi importante.

Hai outro aumento tamén doutra materia, doutra área que para nós, e para o goberno no seu conxunto é fundamental, que é a área de benestar, que, a maiores do que xa aprobara no Orzamento de 2008, tamén se ve incrementada en máis de 1.300.000 euros co cal aquí se aprecia, efectivamente, cales son as directrices políticas que máis interesan tamén a este goberno provincial. Pero non só estas, en Cultura, Deportes e Servizos Sociais, que efectivamente teñen que servir para mellorar tanto as infraestruturas como as actividades referidas a estes ámbitos en toda a provincia, senón que tamén, efectivamente, a colaboración directa e estreita con todos e cada un dos nosos concellos, se ve particularmente beneficiada neste Expediente de modificación de créditos.

Por un lado, e insisto, sen entrar moi detalladamente, como xa se fixo anteriormente, por un lado temos unha partida de case 5 millóns de euros de subvencións nominativas singulares a distintos concellos que, sen dúbida, e baixo o noso punto de vista, vai efectivamente a vir a satisfacer parte, evidentemente non todas, pero parte das demandas máis importantes ca nos presentaron distintos concellos da nosa provincia. E aquí quero pararme quizais un pouco dicindo que cando falamos dos concellos da provincia e cando falamos de subvencións aos distintos concellos da provincia, evidentemente, falamos de calquera concello. O grupo de goberno, outra vez máis, nesta ocasión, á hora de analizar as peticións dos distintos concellos, evidentemente, non mirou nin se parou a mirar que concellos eran dunha cor política, ou que concellos eran doutra cor, o cal significa

en principio unha garantía de que a Deputación provincial atenda a todos os concellos coa máxima equidade posible.

Hai outra partida tamén dentro dese apartado, digamos, de especial colaboración cos concellos, que é unha continuación xa de partidas anteriores, que é a segunda fase dos campos de herba, e unha nova que se crea de 1.200.000 euros, de iluminación para eses campos de herba onde, efectivamente, tamén vai haber un beneficio para moitos concellos da nosa provincia e, á parte de ser moitos, son variados, que tal vez aí é onde estea o sinal de identidade destes plans. E, por último, queríame referir, como non, aínda que logo hai un punto de aprobación, un punto concreto de aprobación de bases, queríame referir porque creo que supón un esforzo importante para a Deputación provincial, pero tamén creo que coa aprobación do PCC, do Plan de cooperación cos concellos, un plan que este ano vai destinar, efectivamente, 10 millóns de euros a obras que, estou segura, todos e todas coincidimos que son fundamentais e prioritarias porque atenden ou queren atender os servizos básicos dos concellos, 10 millóns de euros neste ano que, efectivamente, supuxeron un esforzo para esta Deputación provincial, para este grupo de goberno, pero sobre todo, á parte do esforzo que supuxeron, sobre todo, supoñen ou representan, efectivamente, que as características deste plan, os criterios que se utilizan para que os concellos se vexan beneficiados, son criterios que coñecemos todos, criterios transparentes, e non hai absolutamente ningún elemento neste plan, igual que nos outros, que nos poida facer pensar que hai nin o mínimo indicio de discrecionalidade.

Polo tanto, en todo caso, e por resumir, a nós, como grupo provincial do BNG, non nos cabe máis que felicitarnos unha vez máis pola solidez da economía provincial, pola solidez tamén deste proxecto elaborado e traballado, principalmente entre os dous grupos que compoñen o goberno, pero tamén, e en distintas ocasións, co Partido Popular, co grupo que conforma a oposición, e felicitarnos tamén porque, evidentemente, é a primeira parte, dentro deste ano 2008, das modificacións de crédito, unha parte importantísima en recursos económicos, que sobre todo vai beneficiar aos concellos basicamente e tamén a distintas entidades sociais, como xa citei antes no tema de Servizos Sociais, ou no tema de Cultura e Deportes.

Polo tanto, agardar, en todo caso, porque cremos que sería de xustiza, polo que acabo de dicir, e polos datos que xa se deron antes máis pormenorizados, agardar que o Grupo Popular comparta neste caso co grupo de goberno a, volvo a insistir na palabra porque me parece importante referila, na solidez polo tanto deste expediente que se presenta e que compartan tamén o sentido do voto. Moitas grazas.

Sr. Gacio Vázquez

Grazas, Sr. presidente, Sres. e Sras. deputados e deputadas. Neste punto, co permiso do presidente, intervén polo Grupo Provincial Popular o deputado José Luis García Gorostizu.

Sr. García Gorostizu

Moitas grazas, Sr. presidente, bos días, señoras e señores deputados. Permítanme que antes de entrar no fondo deste punto importante lembre brevemente a posición do noso grupo no debate dos Orzamentos de 2008 e moi brevemente os argumentos que serviron para xustificar a nosa abstención a estes. Con carácter estrutural recoñecemos a solidez do documento orzamentario e o cumprimento da estabilidade orzamentaria. En materia de ingresos sinalabamos a nosa inconformidade, que era compartida polo propio presidente, coa exclusión da deputación do Fondo Galego de Cooperación Local, así como a redución de transferencias de capital da Xunta á Deputación. É máis, preocupábanos, e moito, que no momento político, naquel momento, de organizar a supramunicipalidade en Galicia incrementábase inicialmente transferencias da Deputación á Xunta, eran, dicíamos, peaxes na sombra que contiñan aqueles orzamentos e que impedían o voto favorable do noso grupo. Tamén recoñecemos a redución do gasto corrente e valorabamos moi positivamente os elementos de investimentos, aínda que amosabamos a nosa preocupación pola súa efectiva materialidade, pola súa execución orzamentaria. Naquel debate, e en palabras do Sr. Lagares, sempre pedagóxicas, dicíanos que era un debate sobre orzamentos preventivos, que era a primeira parte do debate orzamentario que tería a súa primeira continuación neste expediente que hoxe estamos debatendo. Asistimos hoxe a esta segunda parte dese debate que incrementa nun 50% o orzamento aprobado e a pregunta que se formula o noso grupo é se pode predicarse deste expediente, desta segunda parte do debate orzamentario o refrán popular de que nunca segundas partes foron boas, ou se pola contra constitúen unha excepción ao saber popular, e para contestar a esta pregunta permítanme que expoña as tres grandes cuestións ás que a política ten que dar resposta: que é o que hai que facer, como hai que facelos e quen teñen que facelo.

Pois ben, se é, dicimos, a resposta a tres preguntas e centrámonos á primeira, que é o que hai que facer, debemos establecer dúas referencias que permiten centrar o quefacer político desde a centralidade. Por un lado está o terreo do deber ser, o plano ideal, os obxectivos aos que hai que aspirar, no que a política ten de programa de optimización da realidade, de proxecto de transformación desta. Pois ben, ese plano, e estarán de acordo con esa afirmación, este debate non tería significado, non se produciría, polo menos nos termos cuantitativos en que se presenta, un 50% de incremento do orzamento, se os niveis de execución material dos orzamentos pasados fosen óptimos, acadasen porcentaxes desexables do 80-85% nos capítulos de transferencias correntes de capital e investimentos. Que os ingresos proveñan de remanente de Tesourería pon en evidencia o lonxe que nos atopamos do deber ser os niveis actuais de

execución orzamentaria, da materialidade dos seus investimentos que, orzamento a orzamento, a medio prazo convértennos neste momento nesta situación.

E o Sr. Lagares afirmou, e afirmou non sen razón, e entregounos na súa dimensión de docente moi pedagoxicamente, que de cada cen pesetas que contén este expediente, 93 son para investimentos, transferencias correntes e de capital, pero permítanos que eses investimentos xa terían que ter sido executados. Pero como dixemos no quefacer da política, no deber ser, no ideal, vese contrarestado pola pura e a crúa realidade, polo imperio dos feitos e pola inevitable tensión entre o que debe ser e o ser, aspecto onde se atopa a centralidade á que hai que aspirar. Por iso, nós non podemos descoñecer que a distancia que existe entre o ideal de materialidade de investimentos atópase unha crúa realidade dun ente provincial complexo, cunha burocracia que cumpre escrupulosamente a legalidade e a eficiencia e é motivo de seguridade xurídica, dunha complexa e cada día máis abundante lexislación, e cada día con máis axentes públicos que interveñen no proceso de execución material, unido tamén a unha debilitada capacidade de xestión de moitos dos nosos concellos, que se ben non xustifica, si explica os actuais niveis de execución orzamentaria.

Eses son os dous polos en que nos movemos e para o que pode resultar ilustrativos dous exemplos. O primeiro, estamos en maio, case finalizando este segundo trimestre, cun verán por diante e neste Pleno aprobaremos o expediente, pero por cinguirnos a un dos programas que citaron os dous voceiros de gastos que contén e que é moi importante, o Plan de cooperación dos concellos, os seus proxectos non estarán con toda lóxica aprobados ata setembro ou outubro e, en consecuencia, moi dificilmente os seus dez millóns de euros van poder ser executados en 2008 incorporándose como remanente de Tesourería no Orzamento de 2009. Sería a situación igual se, como consecuencia desa tensión que impón optimizar a legalidade, este expediente se aprobase, por exemplo, no primeiro trimestre e os proxectos en xuño de 2008?

E o segundo exemplo si garda relación coa dimensión pragmática, coa crúa realidade dos feitos, e aquí vou diferenciar entre este expediente de repesca e o posterior de gastos. Dos 68 millóns, o expediente de repesca, como dixo o Sr. Lagares, representa un 38% do total, e aparece unha afectación que pode responder, como moi ben dixo o Sr. Lagares, a distintas fases da execución orzamentaria, e permítanme que pase do que debe ser ao que é, que descendamos polo miúdo, e no expediente de hoxe a un 19,3% que se atopa en fase RC, un 7,7 que se atopa en fase A, e un 73% que se atopa en fase D con preto de 20 millóns de euros. Polo tanto, desde os feitos, desde a crúa realidade, temos que recoñecer, sexa porque existe esa tensión no equipo de goberno, ou sexa por casualidade que vostedes nun ano, no último ano, melloraron 11 puntos os créditos que en 2007 se atopaban en fase A e en fase D para que estean neste momento en fase D, e esa melloría, Sr. Lagares, Sra. Pérez, é un dato polo cal os felicitamos porque é o camiño, ao noso entender, que debe presidir en aquilo en que a política debe ser

tensión para mellorar, o que se atopen, a diferenza do exercicio anterior, practicamente 20 millóns en fase D deste orzamento.

E dito o anterior, xa desgaxado o 38% do Expediente de modificación afectado, ímonos atopar co orzamento de gastos dos 42 millóns financiados nun 99% polo remanente de Tesourería. O dito sobre a execución orzamentaria para o orzamento de repesca, aquí tamén tería maior relevancia e transcendencia, non hai capítulo de ingresos máis que proveniente polas baixas debido ao traballo do departamento de Contabilidade e ao remanente de Tesourería. E aquí si existe unha gran coincidencia entre o equipo de goberno e o Grupo Popular, xa que a estrutura do gasto podería ter sido outra, non obstante vostedes optaron por fixar nun 93% os gastos de investimento, transferencias correntes e de capital, as 93 das 100 pesetas que aínda que tiñan que terse gastado, hoxe por hoxe aparecen de nova reflectidas como capítulo de gasto. Compartimos o modelo e a aplicación das recomendacións gubernativas, Sr. Lagares, de que diante da crise no sector residencial, debemos incrementar os investimentos públicos en infraestruturas e obras de equipamento polo efecto locomotora que a construción xera na economía. Pero ademais, e sinalouno moi por riba a Sra. voceira do Bloque, recoñecemos e agradecemos a sensibilidade do equipo de goberno en plasmar e concretar en distintos plans e programas as máis importantes e solicitudes que, tanto en Comisións como en Pleno lle formulou o noso grupo. Falouse do Plan de cooperación de concellos no que os tres grupos deste Pleno estamos de acordo e a segunda fase dos campos de fútbol de herba artificial.

Permítanme que só no primeiro, porque é moi importante e porque o dito tanto polo Sr. Lagares como pola Sra. Pérez, é importante como liña de traballo, cumpre a deputación a súa función institucional de ser o concello de concellos coa aprobación deste Plan plurianual para municipios menores de 20.000 habitantes, que vai significar un investimento en catro anos de 40 millóns en ámbitos moi importantes e necesitados, infraestruturas do ciclo hidráulico, obras de calidade ambiental do contorno, mellora da rede viaria local intermunicipal e un plan que, como dixo a Sra. Pérez, obxectiviza a asignación de recursos, reduce a discrecionalidade na súa concesión e permite e impón unha mellor planificación dos investimentos municipais.

E dito isto, si é certo que non podemos obviar, fronte á cara que representan eses programas, a única mácula que podemos sinalar nestes gastos reflectidos.

Sr. Lagares, no debate de orzamentos preventivos en 2007 afirmaba que as subvencións nominativas para o 2008 se reducirían con relación ao 2007, e dicía a verdade, e está claro que esta segunda parte do debate consígnase practicamente a mesma cantidade que no orzamento preventivo. Nós non negamos o interese público de ningunha desas subvencións, pero si sinalamos a súa discrecionalidade, que non arbitrariedade, que preside a súa concesión, e se eloxiábamos os

obxectivos no Plan de cooperación dos concellos, cremos que se acadou un límite que deben acadar estas subvencións, e o noso grupo ofrécelles un dobre consenso, en acadar o acordo sobre a porcentaxe que debe representar as subvencións nominativas no total das transferencias, e segundo, realizar un gran esforzo de deseño para elaborar plans e programas que permitan subsumir nunha alta porcentaxe estas subvencións nominativas dentro de principios de publicidade, concorrência e igualdade. A cara e a cruz, porque todo o conxunto de programas do Plan de travesías, iluminación de campos de fútbol, Plan de vías provinciais, expropiacións, asistencia técnicas, achegas a GRUMIR, achegas a Cidades Dixitais, accesos electrónicos aos cidadáns, redes telemáticas, transferencias aos concellos en materia de cultura e de deportes, estamos totalmente de acordo.

E si vou facer mención ao importante que resulta para nós a consignación do Plan de modernización de concellos que nace dun plan piloto, e mire, no cómo facer as cousas cremos que moitas veces hai que probar a pequena escala cada nova idea ou fórmula social que non sexa exercitable sen risco coñecido. E vendo os resultados que deparou a experiencia en dous concellos, que se consignan 600.000 euros para continuar a modernización parécenos moi importante.

Por iso, con absoluta sinceridade, despois desta intervención, a cuestión de se segundas partes nunca foron boas, deixando a un lado, iso si, a cuestión sobre o deber ser da materialidade dos investimentos, non é un refrán que poida aplicarse a este punto da orde do día.

Sr. Lagares, vostede sabe que en Comisión abstivémonos, pero non nos doen prendas, despois de estudado o seu contido, en afirmar que o Grupo Popular vai votar favorablemente a esta proposta.

E xa remato, pero si me gustaría, en nome do noso grupo, formularlle ao equipo de goberno e moi especialmente ao presidente, un rogo, para que así conste nesta intervención. Eu lembro que ao inicio do mandato corporativo o presidente posicionouse en defensa dos consorcios de transporte e o papel que a deputación debía ter neles. Antonte os medios de comunicación e o protocolo informáronnos da entrega dos informes do presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Pablo Egerique e que, para estes efectos, falaba da importancia de unificar o transporte na área metropolitana. Son dúas referencias para formularlle, Sr. presidente, unha proposta que se tome en consideración para o seguinte Expediente de modificación orzamentaria que se tramitará previsiblemente ao inicio do outono. Neste Pleno aprobamos unha achega, unha partida orzamentaria de 450.000 euros para que os concellos acollidos ao Plan de cidades dixitais, promovidos pola Consellería de Industria, atopen financiamento das achegas municipais dentro desta partida de 450.000 euros. Gustaríanos que trasladásemos esa filosofía aos plans de transporte metropolitano nas metrópolis da Coruña, Santiago e Ferrol, porque se se totalizan as cantidades que representan as achegas municipais ao citado plan, representan unha gran cantidade, e cremos Sr.

presidente, Sras. e Sres. deputados, que a totalidade de municipios que subscribiron este plan verían como auga de maio que a deputación financiase, senón o cen por cento desa achega, si unha porcentaxe elevada desta.

E xa remato, desde o realismo político, sen renunciar á tensión que debe de presidir a acción de goberno, cremos que toda a provincia recibe con este Expediente de suplemento de orzamentos, unha gratificación, e que tras a aprobación deste expediente estase contribuíndo a facer unha provincia máis competitiva espacialmente, máis equilibrada territorialmente e cunha maior e máis eficaz prestación dos servizos públicos que os nosos cidadáns demandan, por iso creo que queda xustifico o noso voto favorable a el. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gorostizu, eu quero darlle as grazas, non só polo voto favorable ao Expediente de modificación de créditos, senón tamén polo contido da súa intervención.

Eu collo a suxestión, o rogo que fai, que como vostede di, responde xa a unha intervención desta Presidencia, no sentido de que os principais problemas que teñen as cidades ou áreas metropolitanas son problemas de mobilidade, e que a deputación, como institución ao servizo dos concellos, está disposta a participar aí. Eu facía un convite aos concellos e á Xunta a que nos convoquen e expoñamos seriamente este problema. A deputación non pode afrontalo, non sabemos que concesións existen, como se ten que rescatar, non temos nin idea, non temos información, pero é un problema que teñen e se nos chaman, acudiremos.

E se me permiten tamén, gustaríame felicitar ao Sr. Lagares porque normalmente sempre falamos das persoas cando as cousas se fan mal, pero cando se fan ben nunca se lles di nada, el foi o encargado de tramitar este expediente e é unha satisfacción poder dicir que un Expediente de modificación de créditos por un importe de 68.705.000 euros foi aprobado co voto favorable de todos os grupos da Cámara. Moitas grazas, e pasamos ao punto número 11.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Recoñecer as obrigas de pagamento por importe total de 237.567,52 euros a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan, consonte co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/90, do 20 de abril:

A favor de *MANTENIMIENTO Y CONSTRUCCIONES ALCUBA S.A.*, por importe de 110.509,39, euros, correspondente á certificación núm. 1 da obra código 03.1110.0008.0 de ampliación da calzada e mellora da E.P. 1909 PK 1,7 a 6,0 Concello de Carballo.

A favor de *EMALCSA.*, que corresponde á Fra. Nº A/992 do 14.07.06 por importe de 25.897,29 euros, relativa ao mantemento da ETAP.

A favor de *ESPINA OBRAS HIDRAÚLICAS.*, que corresponde á Fra. Nº 140/07 do 30.03.07 por importe de 101.160,84 euros, relativa a melloras no sedimentador da ETAP.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/08 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 68.705.649,19€ e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios.....	20.030.938,44
SC. Suplementos de crédito.....	48.674.710,75

Total de aumentos:..... 68.705.649,19

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

BA. Baixas por anulación.....	548.125,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais.....	68.157.524,19

Total financiamento:..... 68.705.649,19

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	89.082,00	48.125,00
2. Gastos correntes	4.707.455,74	20.000,00
3. Gastos financeiros	250.360,49	
4. Transferencias correntes	5.716.191,35	450.000,00
6. Investimentos reais	17.192.526,55	
7. Transferencias de capital	40.332.329,06	30.000,00
8. Activos financeiros	417.704,00	
9. Pasivos financeiros		
TOTAL MODIFICACIÓNS	68.705.649,19	548.125,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	68.157.524,19
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	68.157.524,19

3º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento Provincial.

3º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento Provincial do exercicio 2008 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANº
0202/451H/762.01	Concello de Ares	Adquisic.de inmobile para Edific.usos múltiples carácter docente	112.000,00	161.786,00	69,23
0202/442A/454.01	Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA)	Program.piloto reduc.produc.residuos urbanos en orixe e a mellora da recollida selectiva	100.000,00	100.000,00	100,00
0202/313M/789.01	Conf. Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)	Adquisición e adaptación de dous vehículos para uso dos centros da provincia	67.840,00	97.722,84	69,42
0202/412E/628.00	Cruz Vermella	Adquisición de dúas ambulancias	109.040,00	109.040,00	100,00
0202/443A/762.01	Concello de Dumbria	Construción cemiterio municipal de Estiman (excluídos os honorarios técnicos)	400.000,00	723.668,40	55,27
0202/511C/762.01	Concello de Camariñas	Accesos estrada Camelle-Arou pola costa	300.000,00	2.073.879,38	14,47
0202/511C/762.01	Concello de Coristanco	Alumeado na travesía do lugar de San Roque	33.000,00	33.942,96	97,22
0202/432E/762.01	Concello de Miño	Urbanización e adaptación dos parques infantís de Telle, Bemantes e San Xoán	90.000,00	192.467,37	46,76
0202/511C/762.01	Concello de Muxía	Arranxo camiños, Castelos Santirso e Senande	168.000,00	168.395,07	99,77
0202/432E/762.01	Concello de Muros	Obras de acondicionamento da Área do Río do Cura en Tal	158.000,00	197.500,00	80,00
0202/432E/762.01	Concello de Noia	Acondicionamento e recuperación accesos lavadoiro e contorno dos muíños de Pedrachán	59.000,00	293.848,49	20,08
0202/432E/762.01	Concello de Ordes	Ampliación Alameda de Ordes	200.000,00	728.257,08	27,46

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANº
0202/452A/762.01	Concello de Cedeira	Reparación cuberta polideportivo municipal	131.710,22	131.710,22	100,00
0202/452A/762.01	Concello de Rianxo	Campo fútbol Vilas-Asados e instalacións deportivas anexas (2ª fase)	400.000,00	720.468,92	55,52
0202/432E/762.01	Concello de Oroso	Pista multixogos en Sigüeiro	52.699,40	52.699,40	100,00
0202/452A/762.01	Concello de Cerceda	Complexo deportivo de pádel	300.000,00	695.139,30	43,16
0202/452A/762.01	Concello de Mañón	Climatización piscina de O Barqueiro	46.987,82	46.987,82	100,00
0202/452A/762.01	Concello de Melide	Reposición da cuberta da piscina municipal	239.000,00	239.877,35	99,63
0202/452A/762.01	Concello de Cee	Reparación de pavillón polideportivo municipal	200.000,00	230.400,34	86,81
0202/451H/762.01	Concello de Boiro	Construción de centro sociocultural e de usos múltiples (2ª fase). Estrada Boiro-Cabo de Cruz.	500.000,00	613.110,00	81,55
0202/451H/762.01	Concello de Carballo	Creación do complexo Casa dos Oficios	500.000,00	700.545,20	71,37
0202/451H/762.01	Concello de Carral	Construción centro cultural Tabeaio (excluídos os honorarios técnicos)	150.000,00	797.181,00	18,82
0202/451H/762.01	Concello da Laracha	Construción centro socio-cultural en Paiosaco	150.000,00	688.870,38	21,77
0202/432D/762.01	Concello de Noia	Construción edificio servizos advos. "Comarca de Noia"	350.000,00	1.400.000,00	25,00
0202/511D/762.01	Concello de Paderne	Adquisición cargadora retroexcavadora e carpa	123.830,00	123.830,00	100,00
0202/511D/762.01	Concello de Monfero	Adquisición tractor multiusos	80.000,00	100.455,12	79,64
0202/511D/762.01	Concello de Cesuras	Adquisición tractor e trituradora	65.000,00	65.500,00	99,24
0202/511D/762.01	Concello de Boqueixón	Adquisición varredora aspiradora autopolpusada	90.000,00	120.000,00	75,00
0202/511D/762.01	Concello de Corcubión	Subministración de vehículo-furgón, remolque, rozadora e cortacéspedes	28.000,00	34.000,00	82,35

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANº
0202/511D/762.01	Concello de Fene	Adquisición máquina limpeza de rúas, máquina trituradora de podas, varredora, hidrolimpadora e furgoneta	90.000,00	112.000,00	80,36
0202/511D/762.01	Concello de Mazaricos	Adquisición pala retroexcavadora	75.000,00	84.564,00	88,69
0202/511D/762.01	Concello de Sobrado	Adquisición tractor rozadora	154.860,00	154.860,00	100,00
0202/511D/762.01	Concello de Vilarmaior	Desmalezadora e motovarredora para polideportivo	38.000,00	38.013,20	99,97
0202/451F/454.01	Universidade de Santiago de Compostela	Organización III congreso internacional Opus Monasticorum, novembro 2008	22.174,13	22.174,13	100,00
0305/350A/462.01	Concello da Coruña	Campaña sensibilización lingüística hostalaría Coruña, "Sabor a galego"	20.000,00	29.337,56	68,17
0305/451E/762.01	Concello da Coruña	CULTUR.GAL 2008. Aluguer das instalac.Feira da industria cultural	30.000,00	36.000,00	83,33
0305/751A/462.01	Concello de Santiago de Compostela	Organización do Forum Gastronómico Santiago`08	100.000,00	126.411,37	79,11
0305/454B/770.00	Unión Eléctrica Fenosa Distribución S.A.	Financiamento programa mellora impacto visual instalacións eléctricas. 200.000,00 € (anualidade 2007)+100.000,00 € (anualidade 2008)	300.000,00	300.000,00	100,00
0305/454B/770.00	Asociación de Produtores e Distribuidores de enerxía APYDE	Financiamento programa mellora impacto visual instalacións eléctricas. Anualidade 2008	200.000,00	200.000,00	100,00
0305/560A/762.01	Concello de Abegondo	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto Concellum, ferramenta de xestión de contidos na internet e administración electrónica	123.155,44	298.920,40	41,20
0305/560A/762.01	Concello de Boiro	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto adaptación páxina web municipal para a xestión dunha oficina virtual	8.655,30	21.008,00	41,20
0305/560A/762.01	Concello de Camariñas	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto implantación da admón. electrónica no Concello de Camariñas	7.672,07	18.670,00	41,09
0305/560A/762.01	Concello da Coruña	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto novas tecnoloxías, cidadanía e lingua	8.240,00	20.000,00	41,20
0305/560A/762.01	Concello de Melide	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto desenvolvemento xestor de contados	24.357,00	41.997,00	58,00
0305/560A/762.01	Concello de Teo	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto plan de modernización administrativa do Concello de Teo "Teo-c-	135.279,00	246.999,00	54,77

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANº
		tramita", tramitación electrónica			
0305/560A/762.01	Concello de Zas	Programa de "Cidades Dixitais": Proxecto accións para implantación e achegamento a e-admón. da poboación do concello de Zas	100.206,54	189.619,00	52,85
0601/451D/462.01	Concello de Santiago de Compostela	V Festival Internacional de curtametraxes. "Curtocircuíto"	140.000,00	189.000,00	74,07
0601/451D/462.01	Concello de Santiago de Compostela	Compostela Festival 2008. "Músicas do Mundo".	60.000,00	360.000,00	16,67
0601/451F/789.01	Universidade da Coruña	Ampliación Centro Innovac. Tecnolóx.-CIT. (Reforma antigo comedor para laboratorios)	100.000,00	203.574,57	49,12
0601/451F/789.01	Universidade de Santiago de Compostela	Financiamento obras na escola práctica xurídica	30.000,00	42.439,75	70,69
0601/451H/462.01	Concello de Santiago de Compostela	Sostemento do Centro sociocultural e xuvenil do ensanche, anualidade 2008	180.000,00	232.000,00	77,59
0601/451H/462.01	Concello da Coruña	"VIII Centenario da Carta Foro Cidade da Coruña"	300.000,00	2.396.000,00	12,52
0601/451H/462.01	Concello de Bergondo	Viaxe de estudos dos alumnos do Colexio Público Cruz de Sar á William Paterson University	88.000,00	110.000,00	80,00
0601/451H/462.01	Concello Santiago de Compostela	Mantemento dos centros socioculturais de Santa Cristina de Fecha, Vilvestro, A Rocha e Lavacolla	145.000,00	182.704,00	79,36
0601/451H/467.01	Consortio de Santiago	Financiamento da edición do libro "Fenollera. Pintor Galego por amor"	7.000,00	15.000,00	46,67
0601/451H/467.01	Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)	Financiamento do programa para os concellos: "O mar e a costa, recursos valiosos para todos"	60.000,00	115.200,00	52,08
0601/451H/489.01	Asociación escritores lingua galega	Financiamento actividades 2008	48.000,00	60.000,00	80,00
0601/451H/789.01	Centro Cultural Libro Vivo de San Claudio	Remate das obras de acondicionam. do exterior e equipam. do Centro Sociocultural e Museo escolar no antigo Escolar de San Claudio	100.000,00	120.640,00	82,89
0601/451L/489.01	Fundac. Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital	Financiamento dos gastos preparatorios do programa de exposicións do ano 2009	60.000,00	92.950,00	64,55
0601/451L/489.01	Fundación Manuel María de Estudos Galegos	Programa das actividades da asociación do ano 2008	30.000,00	37.500,00	80,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANº
0601/452C/489.01	A.F.A.C., Asoc Fútbol Afeccionado A Coruña	"III Torneo Internacional de Fútbol Base AFAC"	30.000,00	84.400,00	35,55
0601/452C/489.01	Hoquei Club Liceo A Coruña	Participación na Liga Nacional 2008	30.000,00	38.000,00	78,95
0701/313K/762.01	Concello A Coruña	Adquisición de vivenda para rede municipal de acollemento de mulleres en situación de emerxencia ou dificultade social	200.000,00	250.000,00	80,00
0701/313M/489.01	Grupo de Minusválidos da Coruña (GRUMICO)	Campaña sensibilización sobre accesibilidade: "Por ti, por min, para todos".	23.550,00	29.442,54	79,99
0701/313M/789.01	Hermanitas Ancianos Desamparados	Adquisición equipamento eléctrico para a Residencia de maiores S. Marcos en Santiago de Compostela	32.032,91	40.041,14	80,00
0701/313M/789.01	Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional	Adquisición de dúas furgonetas para o transporte de usuarios e socios da entidade	45.107,00	56.383,10	80,00
0701/313M/789.01	Asociación síndrome de Down Coruña	Reforma acondicionamento e equipamento do local	80.000,00	162.770,91	49,15
0701/313M/789.01	Asociación dano Cerebral da Coruña (ADACECO)	Equipamento para salas de atención a persoas con dano cerebral. Colexio Santiago Apóstol	16.800,00	21.005,01	79,98
0701/313M/789.01	Asociación EQUUS ZEBRA	Adquisición dunha furgoneta para transporte de alimentos e útiles	15.480,54	19.350,68	80,00
0701/313M/789.01	Asoc. de Pais de Persoas discapacidade Intelectual (ASPAS)	Edificio cociña-comedor do centro ocupacional de Santiago	140.000,00	533.659,39	26,23
0701/313M/789.01	Asociación Pro Saúde Mental A CREBA	Adquisición dun minibus para usuarios da Creba-Noia	55.680,00	63.884,68	87,16
0701/330A/489.00	Fondo Galego de Solidariedade	Achega actividades 2008	14.400,00	14.400,00	100,00
0701/350A/489.01	Asociación Cultural Monte Branco	Financiamento Festa das Letras 2008	20.000,00	35.500,00	56,34
TOTAL			8.692.757,37		

3º-2 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	Importe
0601/451C/462.01	Concello de Culleredo	Actividades 2008	30.000,00*
0601/451L/489.01	Fundación Eugenio Granell	Actividades 2008 (Incremento)	36.000,00*
0601/451L/489.01	Fundación Ortegalia	Actividades 2008 (Incremento)	60.000,00*
IMPORTE TOTAL SUBVENCIONES NOMINATIVAS INCREMENTADAS NA BASE 48ª			126.000,00*

- Cambio de finalidade da subvención.
- O importe total da subvención a Fundación Eugenio Granell de 2008 é de 60.000,00 euros, o orzamento subvencionado é de 75.000,00 € e o coeficiente de financiamento é 80%.
- O importe total da subvención a Fundación Ortegalia de 2008 son 100.000,00 euros, o orzamento subvencionado é de 125.100, 00 euros e o coeficiente de financiamento é 79.94%.

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no *Boletín Oficial da Provincia* como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

11.- INFORME DA FISCALIZACIÓN “A POSTERIORI” REALIZADA SOBRE A XESTIÓN TRIBUTARIA DO EXERCICIO 2007: RECURSOS PROPIOS E RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes aos exercicios 2006 e 2007, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 32 das de execución do Orzamento para o exercicio 2007 e da Resolución da presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro.

Quedar informados do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación, polo que é obrigado felicitar aos servizos de xestión tributaria polos resultados obtidos cunha nova aplicación informática coas dificultades que isto supón.”

12.-DAR CONTA DO ESTADO E CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2007 DA FUNDACIÓN AXENCIA DE ENERXÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA (FAEPAC).

Dáse conta ao Pleno do estado e contas anuais do exercicio 2007 da Fundación Axencia de Enerxía da provincia da Coruña (FAEPAC).

13.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL MONTE BRANCO.

INTERVENCIÓNS

Sr. Gacio Vázquez

Neste punto, polo Grupo provincial Popular intervén a deputada Ángeles Vázquez.

Sra. Vázquez Mejuto

Bos días, Sr. presidente, deputadas e deputados, este foi un tema que foi a Comisión previa ao Pleno, na cal nós argumentabamos a nosa abstención, que viña dada por algo que non entendiamos e que a nivel administrativo creo que non se debe de permitir, é dicir, que se vaia asinar un convenio cunha Asociación da cal non dubidamos en absoluto o seu bo facer no que se refire á festa do Día das Letras Galegas, pero non podemos entender que vaia a unha Comisión o día 19 de maio cando en realidade gran parte das actividades xa estaban realizadas con anterioridade,

co cal eu creo que hai que facer outro tipo, ou axilizalo doutra maneira, porque non podemos caer nesta rutina de que primeiro se fagan actividades e despois se asine un convenio e, posteriormente, se xustifiquen eses gastos.

Á parte de todo isto, dicir, e para que quede constancia que, de novo repito, non dubidamos do bo facer de Monte Branco, pero si hai concellos de máis de 10.000 habitantes que reciben menos desta contía para realización de actividades ao longo dun ano, polo cal nos parece excesivo, así que o noso voto vai ser o de abstención.

(Incorpórase á sesión o Sr. Villamar Díaz).

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. presidente, Sras. deputadas, Sres. deputados, bos días. Nesta cuestión, tal como se explicou tamén na Comisión a demora veu dada pola entrada en vigor da Lei de contratos e que se optou por esperar a que o convenio fose adaptado aos novos modelos de convenio. E tal e como se explicou tamén na propia Comisión, o contido do convenio era para unha serie de actividades ao longo dunha semana con nenos e nenas en idade escolar, fundamentalmente da comarca de Bergantiños, aínda que tamén de fóra da propia comarca, actividades de animación á lectura, de promoción da lingua galega a través das novas tecnoloxías, coa edición dun CD, ben, actividades que entendiamos de interese dentro da área de Normalización Lingüística e simplemente a demora veu dada por esa cuestión. Simplemente pedir desculpas pola demora e que é unha cuestión puramente administrativa, nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1) Outorgar unha subvención nominativa de 20.000 euros á Asociación Cultural Monte Branco por ser de interese público a actividade prevista.

2) A partida orzamentaria á que se poderá imputar o gasto derivado da presente proposta, será a seguinte: 0701/350^a/489.1.

3) Condicionar esta proposta á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito nº 1/2008 que deberá aprobar o Pleno no que se inclúe o crédito citado.”

14.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE TRAVESÍA NA D.P. 0905 DE BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO DO P.Q. 6,11 AO P.Q 7,56, PADERNE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE TRAVESIA NA E.P. 0905 DE BETANZOS ó límite DA PROVINCIA DE LUGO DO P.Q. 6,11 O P.Q. 7,56, PADERNE (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511300012.1) polo seu orzamento de contrata de 513.628,77.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 64.283,91.- EUROS, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102, Nº operación 220080012905.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo EIRIÑA S. L. (B36005411), as modificacións do contrato, que se se aplica a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 382.550,71.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 47.878,66.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.915,15.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, polo que queda, xa que logo fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 15.302,03.- EUROS.”

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE TRAVESÍA NA D.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE P.Q. 0,3 A P.Q. 1,40 (A CORUÑA), A CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE TRAVESIA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE P.Q. 0,3 A P.Q. 1,40 (A Coruña), A Coruña (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511300011.1) polo seu orzamento de contrata de 398.577,33.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 47.465,05.- EUROS, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102, Nº operación: 220080012911.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo SUSO FERNANDEZ S. L. E LORVICON S. L. UTE-10 (G32363205), as modificacións do contrato, que se se aplica a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 289.765,72.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 34.507,09.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.380,28.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da

Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, polo que queda, xa que logo, fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 11.590,63.- EUROS.”

16.- RATIFICAR A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE “URXENTE OCUPACIÓN” Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS: AMPLIACIÓN E MELLORA DE D.P. 2502 DESDE O P.Q. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADAS (VALDOVIÑO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE D.P. 2502 DESDE O P.Q. 3+000 AO 9+800 DE VALDOVIÑO A CERDIDO E VARIANTE DAS FORCADA (VALDOVIÑO).

2º) Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expor cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiación.

3º) Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citada obra, tales como que:

- Na actualidade a estrada que vai desde Valdoviño a Cerdido presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgunhas zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno. Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos.
- Contémplase a actuación nunha lonxitude de 6495 metros, tendo a súa orixe no lugar de Portodoso e discorre por núcleos rurais de Vilaboi, Loira, Martices, Campo e Loira Vella entre outros, bordeando o encoro das Forcadas.
- Contémplase un trazado en variante partindo do PK 8 680 e cruzando o encoro das Forcadas polo trazado existente, cunha rotonda na orixe, outra intermedia no PK 0 700 e outra antes do final do tramo PK 1 820. A lonxitude da variante é de 1902 metros.
- Proxéctase unha travesía no núcleo de Vilaboa do PK 1 200 ao 1 902 como seguridade viaria, con saneamento, beirarrúas, aparcadoiro e firme de aglomerado.
- A sección tipo adoptada consiste en dúas calzadas de 3,50 metros cada unha, dúas beiravías de 1 metro, totalizando un ancho de plataforma de 9

metros. No tramo de travesía son dúas calzadas de 3,50, aparcadoiros de 2,50 e beirarrúas de 2 metros cunha ancho total de 16 metros.

- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada ao redor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. Proxéctase un ancho de dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 1 metro e cunetas de 1 metro de ancho.
- A estrada discorre por zonas acusadamente rurais. Débese ter en conta que discorre por zonas onde se realizou a concentración parcelaria polo que hai moitas interseccións, polo que actúa como vía colectora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.
- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras.
- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.
- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

Todo iso condicionado á aprobación do expediente de modificación de crédito Nº 1 do Pleno.”

17.- APROBAR INICIALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 2ª FASE: TRAVESÍA DE CALVARIO AO PAO DE LOBO NA D.P. 2403 (CERCEDA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2008 2ª FASE cun orzamento total de 399.725,97.- euros, integrado polo proxecto que a continuación se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESIA DE CALVARIO A PAO DE LOBO NA D.P. 2403 (CERCEDA)	399.725,97
TOTAL	399.725,97

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2º) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para o efecto da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

18.- APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 2ª RELACIÓN:

-SANEAMENTO NA D.P. 1003 DE VISTA ALEGRE Á ARENTIA. BOIMORTO.

-TRAVESÍA NA D.P. 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS P.Q. 0,45 AO P.Q. 1,45. RIANXO.

-MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA D.P. 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+680. BOIMORTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2008 1ª FASE 2ª RELACION integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 1.091.232,54.- euros e que son as que a continuación se detallan:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
SANEAMENTO NA E.P. 1003 DE VISTA ALEGRE A ARENTIA. BOIMORTO". (0811300003.0)	27.007,71
TRAVESÍA NA E.P. 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS P.K. 0,45 AO P.K. 1,45. RIANXO". (0811300004.0)	649.129,42
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, P.K. 0+000 O P.K. 0+860. BOIMORTO". (0811300005.0)	415.095,41
TOTAL	1.091.232,54

Os citados importes aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102, Nº operación: 220080012643.

2º) Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

19.- APROBAR PROVISIONALMENTE O PLAN DE TRAVESÍAS 2008, 1ª FASE, 1ª RELACIÓN.

-TRAVESÍA DE LIÑARES (BRIÓN) NA D.P. 1301 DA GÁNDARA A AMAÑECIDA, DO P.Q. 0+370 AO P.Q. 0+650. BRIÓN.

-TRAVESÍA DE LUAÑA NA D.P. 1301 DA GÁNDARA A AMAÑECIDA P.Q. 8+550 AO P.Q. 8+740 (BRIÓN-A CORUÑA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2008 1ª FASE 1ª RELACION integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 241592,98.- euros e que son as que a continuación se detallan:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESÍA DE LIÑARES (BRION) NA E.P. 1301 DA GÁNDARA A AMAÑECIDA, DO P.K. 0+370 AO P.K. 0+650. BRION. (0811300001.0)	146.592,77
TRAVESÍA DE LUAÑA NA E.P. 1301 DA GÁNDARA A AMAÑECIDA P.K. 8+550 AO P.K. 8+740 (BRIÓN-A CORUÑA.". (0811300002.0)	95.000,21
TOTAL	241.592,98

Os citados importes aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511F/60102, Nº operación: 220080012595.

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

20.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Grazas, Sr. presidente, neste punto polo Grupo provincial Popular intervén o deputado Ricardo García Borregón.

Sr. García Borregón

Moi bos días, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Sobre este punto, moi brevemente, eu quería facer un rogo, xa o comentáramos na propia Comisión, que os destinatarios deste plan que teñen incluídos o da primeira fase do Plan especial de herba artificial, e os que se inclúa na segunda fase, estes son os destinatarios, pero hai algúns campos de fútbol de carácter municipal, tamén con herba artificial, que non foron financiados por este Plan especial, tanto na primeira fase como na segunda, que foron financiados polos seus orzamentos ou por outras institucións, e eu creo que con

independencia de que tivesen prioridade os que entran na primeira fase e os que se van aprobar na segunda fase, que se lle dea posibilidade de solicitude a aqueles campos que están nestas mesmas condicións, pero que non foron financiados en cuestión de herba artificial por parte da deputación, entón entendemos que prioritariamente puidesen ter, pero que se lle dea cabida por se o orzamento tivese posibilidades de financiar tamén a estas instalacións, que eu creo que é unha cuestión de xustiza, e ademais que están nas mesmas condicións que as outras, con independencia de que sexan financiadas, ou por recursos propios, ou por recursos doutras entidades. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxo texto é o seguinte:

BASES REGULADORAS DO PLAN DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008

1. DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan especial de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2008, que se financia cunha achega provincial da anualidade 2008 por importe de 1.200.000,00 euros e máis polas achegas municipais dos concellos que é preciso realizar para completar o financiamento dos investimentos.

A deputación financiará a anualidade 2008 cunha achega provincial por importe de 1.200.000,00 euros, en virtude do expediente de modificación de créditos 1/2008, que se vai aprobar previsiblemente de xeito simultáneo á aprobación destas bases polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de maio de 2008, no que se consignará crédito dabondo para o seu financiamento na partida 0501/452 I /76201. A aprobación do correspondente plan non se poderá realizar ata a entrada en vigor do citado expediente coa finalidade de que exista crédito adecuado e dabondo.

2. FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia incluídos nos plans especiais da deputación de herba artificial nos campos de fútbol municipais, na realización dos investimentos necesarios para a instalación ou mellora da iluminación dos terreos de xogo e ademais para dotar aos campos doutros

complementos que fosen necesarios, co fin de darlles as mellores condicións de utilización e de seguridade.

Por iso, o obxecto do plan concrétase na realización de novos investimentos municipais dos seguintes tipos de obras:

A) Obras de instalación ou mellora do alumeadado de adestramento dos terreos de xogo.

Exclúense as acometidas á rede xeral e centros de transformación e grupos electrógenos, que serán por conta do concello.

B) Obras para realizar actuacións complementarias nos campos de fútbol municipais.

As actuacións cuxa execución se solicite deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Cada concello só poderá solicitar unha actuación da tipoloxía prevista nestas bases.
- As obras deben ser completas, no sentido de ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e así se fará constar na memoria do proxecto. No caso de que na súa denominación se indique que se trata dunha fase, tramo, parte, etc. debe achegarse ademais un informe técnico xustificativo desta circunstancia.
- Cada obra debe identificarse cun proxecto técnico, que debe redactarse conforme ao establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de contratos do sector público.
- As denominacións das obras deben identificar claramente a actuación a realizar, non se admitirán as que sexan de carácter xenérico.
- A achega provincial destinarase exclusivamente ao financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente.
- A achega da deputación para o financiamento de cada proxecto será dun 85%, até un máximo de 60.000,00 euros, e a achega municipal mínima será do 15%.
- O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de 50.000,00 euros para as obras e 18.000,00 euros para as subministracións.
- O concello deberá acreditar que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e que conta coas autorizacións e concesións administrativas necesarias para a súa execución.

3. DESTINATARIOS

Poderán participar neste plan todos os concellos da provincia da Coruña que foron incluídos na 1ª fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, así como os que se inclúan na 2ª fase deste plan.

4. FINANCIAMENTO

Para o financiamento deste plan para o exercicio 2008, a deputación destina unha achega provincial total por importe de 1.200.000,00 euros. Non obstante, esta cifra poderá ser incrementada á vista das solicitudes presentadas, e tendo en conta as posibilidades orzamentarias desta deputación.

A achega da Deputación para o financiamento de cada proxecto será dun 85% do seu presuposto, até un máximo de 60.000,00 euros, e a achega municipal mínima será dun 15%.

Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o orzamento total do proxecto técnico da obra que solicite. Esta maior achega municipal é un dos criterios de priorización previstos na base 6 para a elaboración do plan.

Os concellos deberán desagregar para cada investimento a parte que financia a deputación e a que financia o concello.

O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos fíxase na cantidade de 50.000,00 euros para as obras e 18.000,00 euros para as subministracións.

5. FORMA E PRAZO DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, até o día 31 DE XULLO DE 2008, a seguinte documentación:

5.1.- Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente estas bases e se aprrobe o proxecto técnico da obra, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores,

de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal, cumprindo as porcentaxes que se sinalan na base 4.

No mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal á obra.

No mesmo acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución da obra e coas autorizacións ou concesións administrativas que sexan precisas.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente neste acordo autorizaráselle á deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.2.- Proxecto técnico

Proxecto técnico por duplicado exemplar, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de contratos do sector público.

No caso de colocación ou instalación de postes para alumeado do terreo de xogo, así como para calquera tipo de cimentación para ampliación das instalacións existentes, será necesaria a presentación dun estudo xeotécnico do terreo.

5.3.- Informe técnico

Informe técnico individual para o proxecto presentado, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc, neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización o aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no citado artigo 74 da Lei 30/2007.

Ademais, no informe técnico indicárase se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou contido, de acordo co establecido no artigo 109 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. No caso de ser preciso, indicárase se o informe de supervisión o vai realizar o concello remitindo unha copia á deputación, ou se solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 da dita lei.

6. APROBACIÓN DO PLAN

Á vista de todas as solicitudes presentadas, comprobarase que se axustan ao establecido nestas bases, especialmente no relativo ao seu obxecto, financiamento e documentación que se ha presentar. No caso de observarse algunha carencia ou deficiencia nas solicitudes presentadas concederáselle ao concello un prazo de 10 días para a súa corrección, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para o caso de que o importe total das solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria sexa superior ás disponibilidades orzamentarias, serán de aplicación os criterios de prioridade que se indican e pola seguinte orde :

CRITERIOS DE PRIORIDADE
1º .- Serán prioritarias as obras de alumeado de adestramento dos terreos de xogo
2º.- Terase en conta a maior achega dos concellos no financiamento dos investimentos.
3º.- Terán prioridade os concellos de menos poboación da provincia.

O Pleno da deputación aprobará o plan, onde se incluírán os investimentos solicitados polos concellos que estean correctos e completos, tendo en conta os criterios de preferencia sinalados, presentando a relación de obras que o integran e que se van realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan, con detalle do seu financiamento.

As solicitudes para as que non exista crédito que posibilite a súa inclusión dentro do plan base poderán incluírse nun plan complementario que se financiaría, no seu caso, con cargo ós remanentes que se poidan producir por anulacións de obras ou baixas de licitación que minoren a achega da deputación nas obras de calquera concello.

No mesmo acordo aprobarase a delegación da contratación e execución dos investimentos nos respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que por un prazo de 10

días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emita o informe, poderase proseguir cos trámites.

7. CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberá realizarse ata o día 1 DE DECEMBRO DE 2008. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución da Presidencia, logo da solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

As baixas que se produzan no plan aplicaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente obra, polo que se poderán utilizar para financiar as obras que figuran no Plan complementario, segundo se detalla na base 6.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- A documentación que se concretará na circular de contratación, xustificativa da adxudicación realizada.

8. EXECUCIÓN DO PLAN

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra presentado coa solicitude e aprobado co plan. A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificados será até o día 1 DE DECEMBRO DE 2009. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar unha prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitaranse, no seu caso, polo concello, de acordo co establecido na citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. En todo caso, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Así mesmo, o concello deberá financiar todos os gastos a maiores que poidan xurdir durante a execución das obras, como os relativos á dirección da obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan.

9. PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

Cando se produza o libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase a vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figura na súa páxina web, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000,00 euros, salvo na última certificación.

A deputación transferirá ao concello o importe correspondente á achega provincial polos investimentos realizados, tras a verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no plan, ou aos proxectos modificados que fosen formalmente aprobados.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflecta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

10. INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes Bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

ANEXO I **MODELO DE ACORDO PLENARIO**

Don/Dona

secretario/a do Concello

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión realizada o día _____ de 2008 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

3º) Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supere o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

7º) Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en , o día de do ano dous mil oito.

V.pr.
O alcalde;

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008, en cuxa partida 0501/452I/76201 se consigna a cantidade de 1.200.000,00 euros para o seu financiamento.

3º) Remitirille este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

21.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ORDENACIÓN, URBANIZACIÓN E MELLORA URBANA NA PARCELA DA GALEA” DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3200.0131.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Ordenación, urbanización e mellora urbana na parcela da Galea” do Concello de Miño, incluída no Plan de investimentos locais 2005, código 2005.3200.0131.0, que foi aprobada polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2005, cun orzamento de contrata de 244.675,54 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións contidas no proxecto técnico inicial, xustificadas pola rectificación de erros detectados neste, que supoñen unha alteración superior ao 30% do seu contido, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

Código	Concello	Denominación	Deputación fondos propios	Orzamento total
2005.3200.0131.0	Miño	Ordenación, urbanizac. e mellora A Galea	244.675,54	244.675,54

22.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS A EXECUTAR DO PROXECTO “SENDAS”, PRESENTADO NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PARA O PERÍODO 2007-2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a primeira programación de actuacións a executar do proxecto SENDAS, presentado á convocatoria de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), período 2007-2013, convocatoria 2007 que afecta ao período 2007-2010, cuxa solicitude foi aprobada polo Pleno desta deputación na sesión celebrada o 8 de febreiro de 2008.

A programación está integrada polos seguintes grupos de actuacións:

1º O primeiro grupo está formado polas dúas actuacións para as que existen proxectos técnicos redactados que son os que deseguido se indican.

Municipio	Ámbito territorial	Denominación estrada	Km. inicial	Km. final	lonxitude Km	Orzamento
Abegondo	Ordes	DP-0103 Rexidoira a Praia de Baldaio Tramo Abegondo Carral	3,57	4,84	1,27	155.304,79
Cesuras	Betanzos	DP-0104 Rexidoira a Praia de Baldaio. Tramo Cesuras	11,26	12,26	1,00	107.157,24
TOTAL					2,27	262.462,03

2º O segundo grupo está formado por actuacións en estradas provinciais cualificadas como perigosas, que xa contan con terreos para a súa execución provenientes de expropiacións polo ensanchamento da estrada, que son as seguintes:

Municipio	Ámbito territorial	Denominación estrada	Km. inicial	Km. final	Lonxitude Km.
Mesía	Ordes	DP-1004 Lanzá -Boimorto	4,62	5,67	1,05
Boiro	Barbanza	DP-1106 Boiro a Cespón	2,26	3,22	0,96
Boiro	Barbanza	DP-1106 Boiro a Cespón	3,48	6,00	2,52
Valdoviño	Ortegal	DP-5404 De Xubia á Praia da Frouxeira	7,32	10,26	2,94
Trazo	Ordes	DP-5903 Ordes a Portomouro por Pontechonia	9,34	11,12	1,78
TOTAL					9,25

3º O terceiro grupo está integrado por actuacións en tramos de estradas provinciais que coinciden co Camiño de Santiago a Fisterra - Muxía. Afectan aos ámbitos territoriais da Costa da Morte e Xallas - Barcala debido a condicionantes técnicos, xa que as estradas contan con boas características xeométricas, e existen problemas de seguridade dos peóns. Ademais, contribúen ao fomento do turismo orientado cara ao vindeiro ano Xacobeo e a darlle un enfoque integrado ao proxecto. A relación de actuacións propostas é a seguinte:

Municipio	Ámbito territorial	Denominación estrada	Km. inicial	Km. final	Lonxitude Km.
Dumbría	Costa da Morte	DP-2302 Hospital a Brens	0,00	0,58	0,58
Mazaricos	Xallas	DP-3404 Serra de Outes a Dumbría	20,10	20,23	0,13
Dumbría	Costa da Morte	DP-3404 Serra de Outes a Dumbría	20,23	21,87	1,64
Dumbría	Costa da morte	DP-3404 Serra de Outes a Dumbría	26,83	27,21	0,38
Dumbría	Costa da Morte	DP-3404 Serra de Outes a Dumbría	27,48	28,75	1,27
Negreira	Xallas	DP-5603 Negreira a Marco do Cornado	1,55	2,17	0,62
Negreira	Xallas	DP-5603 Negreira a Marco do Cornado	7,54	7,82	0,28
Negreira	Xallas	DP-5603 Negreira a Marco do Cornado	8,73	10,77	2,04
Negreira	Xallas	DP-5603 Negreira a Marco do Cornado	11,10	12,90	1,80
TOTAL					8,74

4º O cuarto grupo de actuacións está integrado polas intervencións previstas en camiños históricos, conténdose na proposta o que deseguido se indica.

Denominación	Orixe-destino	Municipios	Lonxitude Km.
Camariñas a Santiago	Portomouro - Santa Comba	Val do Dubra, A Baña e Santa Comba	22,74

23.- APROBACIÓN DA 2ª E ÚLTIMA FASE DA ANUALIDADE 2005 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE HA CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUIDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto técnico e demais documentación da obra que figura no anexo a este acordo, das previstas na primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta

deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no *BOP* nº 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 2ª e última fase da anualidade 2005 e rematar con iso a primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Nesta 2ª e última fase da anualidade 2005 do convenio inclúese a obra e demais gastos que implica a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo do financiamento desta 2ª fase da anualidade 2005 é o seguinte:

	2005	TOTAL
DEPUTACIÓN	217.273,24	217.273,24
CONCELLO	46.175,10	46.175,10
TOTAL	263.448,34	263.448,34

A aprobación definitiva da obra incluída nesta fase do plan queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008 da Deputación Provincial da Coruña, onde se habilitará crédito dabondo para o seu financiamento.

2º) Aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto técnico da obra que se inclúe nesta 2ª fase, denominada “Ximnasio”, do Concello de Curtis.

3º) Dispoñer a exposición pública desta fase do convenio mediante a publicación dun anuncio no *BOP* para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentase ningunha.

4º) Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se presentase ningunha.”

24.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008, en cuxa partida 0501/ 519F/76201 se consigna a cantidade de 10.000.000,00 € para o financiamento da súa anualidade 2008.

Para as restantes anualidades 2009, 2010 e 2011, a deputación comprométese a incluír nos respectivos orzamentos provinciais, tanto no orzamento inicial como nun dos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo de cada ano, e na medida das súas posibilidades orzamentarias, a cantidade precisa para financiar en cada ano os proxectos dos concellos cuxa documentación estea correcta e completa, ata acadar un investimento provincial total de 40.000.000,00 € nos catro anos da vixencia do plan.

3ª) Remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

BASES REGULADORAS DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan de cooperación cos concellos (PCC) é un plan plurianual da Deputación Provincial da Coruña para os exercicios 2008-2011, que se financia cunha achega provincial en cada unha das anualidades ata acadar un total de 40.000.000,00 € nos catro anos da súa vixencia e coas achegas dos concellos que tamén é preciso realizar para completar o financiamento dos investimentos.

Anualidades	Achega provincial
2008-2011	40.000.000,00 €

O financiamento da achega provincial para cada unha das anualidades 2008, 2009, 2010 e 2011 realizarase segundo se detalla no apartado 4 destas bases.

A aprobación do plan correspondente da anualidade 2008 non se poderá realizar ata a entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008, no que se consigna crédito necesario para o seu financiamento na partida 0501/ 519F/ 76201. Igualmente, as aprobacións das anualidades 2009, 2010 e 2011 non poderán realizarse ata a entrada en vigor dos respectivos orzamentos provinciais ou expedientes de modificación de créditos nos que se consigne o crédito correspondente.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia con poboación inferior a 20.000 habitantes na realización de investimentos relacionados co ciclo da auga, co medio natural e coa mellora da rede viaria local intermunicipal.

Por iso, o obxecto do plan concrétese na realización de novos investimentos municipais das seguintes tipoloxías:

A) Infraestruturas do ciclo hidráulico:

- Obras de abastecemento de auga
- Depuradoras de auga potable
- Depósitos de auga
- Obras de saneamento
- Depuradoras de augas residuais
- Outras infraestruturas directamente relacionadas co ciclo da auga

B) Obras de calidade ambiental do contorno

Obras de renovación ou recuperación paisaxística, recuperación de zonas degradadas, protección de espazos naturais no contorno rural ou urbano, etc.

C) Mellora da rede viaria local intermunicipal.

Obras de mellora de estradas municipais, sempre e cando sexa un proxecto solicitado por máis dun concello, para o arranxo de estradas municipais que atravesan varios concellos. Neste caso deberá formalizarse un convenio entre ambos concellos no que se concrete a administración que vai contratar e executar a obra, e outros aspectos de coordinación. Deberá achegarse á deputación unha copia deste convenio xunto coa solicitude.

As obras cuxa execución se solicite deberán cumprir os seguintes requisitos:

- As obras deben ser completas, no sentido de ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e así se fará constar na memoria do proxecto. No caso de que na súa denominación se indique que se trata dunha fase, tramo, parte, etc. debe achegarse ademais un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

- Cada obra debe identificarse cun proxecto técnico, que debe redactarse conforme ao establecido no artigo 107 da citada Lei de contratos do sector público.

- As denominacións das obras deben identificar claramente a actuación a realizar, polo que non se admitirán as que sexan de carácter xenérico.

- A achega provincial destinarase exclusivamente ao financiamento da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente .
- O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de 100.000,00 euros.
- O concello deberá acreditar documentalmente que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e coas autorizacións e concesións administrativas que sexan precisas para a súa execución.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 83 concellos da provincia cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que se relacionan deseguido:

Abegondo	Fene	O Pino
Aranga	Fisterra	A Pobra do Caramiñal
Ares	Frades	Ponteceso
Arzúa	Irixoa	Pontedeume
A Baña	Laxe	As Pontes
Bergondo	A Laracha	Porto do Son
Betanzos	Lousame	Rianxo
Boimorto	Malpica	Rois
Boiro	Mañón	Sada
Boqueixón	Mazaricos	San Sadurniño
Brión	Melide	Santa Comba
Cabana de Bergantiños	Mesía	Santiso
Cabanas	Miño	Sobrado
Camariñas	Moeche	As Somozas
A Capela	Monfero	Teo
Carnota	Mugardos	Toques
Carral	Muxía	Tordoia
Cedeira	Muros	Touro
Cee	Neda	Trazo
Cerceda	Negreira	Valdoviño
Cerdido	Noia	Val do Dubra
Cesuras	Ordes	Vedra
Coirós	Oroso	Vilasantar
Corcubión	Ortigueira	Vilarmaior
Coristanco	Outes	Vimianzo
Curtis	Oza dos Ríos	Zas
Dodro	Paderne	Cariño
Dumbría	Padrón	

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan plurianual financiarse entre a deputación e os concellos segundo se indica a continuación.

Os concellos deberán desagregar para cada investimento a parte que financia a deputación e a que financia o concello, debéndose cumprir, en cada unha das obras, as porcentaxes de achega municipal que máis adiante se indican.

4.1 Achega provincial

O importe total da achega provincial a este plan para o período 2008-2011 ascende a 40.000.000,00 de euros, distribuídos en catro anualidades.

A deputación financiará a anualidade 2008 cunha achega provincial por importe de 10.000.000,00 euros que vai consignarse no expediente de modificación de créditos 1/2008 que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de maio de 2008, vai aprobar de modo simultáneo á aprobación destas bases.

Para as restantes anualidades 2009, 2010 e 2011, a deputación comprométese a incluír nos respectivos orzamentos provinciais, tanto no orzamento inicial como nun dos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo de cada ano, e na medida das súas posibilidades orzamentarias, a cantidade precisa para financiar en cada ano os proxectos dos concellos cuxa documentación estea correcta e completa, aplicando, no seu caso, os criterios de prioridade que se detallan na base 6.

Polo tanto, a achega de deputación irase adaptando anualmente ás necesidades de financiamento dos proxectos presentados que estean completos, e as posibilidades financeiras da deputación ao longo de cada ano. En calquera caso, a deputación comprométese a realizar ao final do período 2008-2011 un investimento por un importe total de 40.000.000,00 € .

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do Plan de obras e servizos (POS), que son as seguintes:

10%	Cota fixa
5%	Esforzo fiscal
15%	Número de parroquias
35%	Poboación
35%	Superficie

Da aplicación destas porcentaxes aos datos de cada concello resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna para os catro anos de vixencia do

plan. O concello poderá presentar proxectos para seren financiados con cargo á achega provincial asignada para executalos durante as anualidades 2008-2011.

Durante os catro anos de vixencia do plan, o concello poderá solicitar anualmente os investimentos que precise, polo importe que considere conveniente, dentro dos prazos de presentación de solicitudes que se concretan na base 5. Poderá solicitar un maior investimento nalgunha anualidade e menor ou ningunha noutras, ata acadar o importe total asignado nos catro anos da vixencia do programa.

Non obstante, na última anualidade, o concello poderá solicitar obras por un importe maior do asignado e incluílas no Plan complementario, para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan producir por baixas de licitación ou anulacións de proxectos segundo se detalla no último apartado da base 6.

Debe terse en conta que só se aprobarán anualmente aqueles proxectos que contén con todas as autorizacións administrativas que sexan precisas para a súa execución, así como cos terreos que sexan necesarios, e así se acredite documentalmente.

4.2 Achega municipal

Os concellos deberán realizar obrigatoriamente unha achega municipal mínima calculada aplicando ao orzamento do proxecto a porcentaxe que lles corresponda segundo a seguinte escala, en función da poboación de cada concello que figura no Padrón municipal aprobado mediante Real decreto 1683/2007 de 14 de decembro.

Poboación do concello	Porcentaxe achega municipal
Ata 5.000 habitantes	5%
Entre 5.000 e 10.000 habitantes	10 %
Entre 10.000 e 15.000 habitantes	15%
Entre 15.000 e 20.000 habitantes	20 %

Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o orzamento total do proxecto técnico da obra.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **ata as datas que se indican para cada anualidade**, a documentación que se indica nos puntos 1, 2, 3 e 4 desta base 5:

Anualidade de aprobación do Plan pola deputación	Data límite de presentación da documentación polos concellos
Anualidade 2008	30 de setembro de 2008
Anualidade 2009	30 de setembro de 2008
Anualidade 2010	30 de setembro de 2009
Anualidade 2011	30 de setembro de 2010

5.1. - Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente estas bases e se preste aprobación aos proxectos técnicos das obras, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal, cumprindo as porcentaxes indicadas na base 4.2.

Por outra banda, na última anualidade, o concello poderá propoñer a inclusión doutras obras no Plan complementario para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulación de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes, segundo se detalla no último apartado da base 6.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás obras.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras. No suposto de que soliciten actuacións que estean sometidas a autorizacións ou concesións administrativas, o concello deberá subministrar o documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.2 .-Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización o aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Ademais, no informe técnico indícarase se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 109 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado polo concello remitindo unha copia á deputación, ou se solicita asistencia a esta deputación para a súa realización a abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 da devandita lei.

5.3.- Documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas

Cando no informe técnico que se cita na base 5.2 se indique que para a execución da obra son precisas autorizacións administrativas, deberá subministrarse unha copia compulsada do documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

5.4. - Documentación técnica

Dous exemplares de cada proxectos técnico, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra establécese en 100.000,00 euros.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

A aprobación do plan producirase anualmente, nunha ou en dúas fases cada ano, de acordo coas posibilidades financeiras da deputación, e nel inclúiranse os investimentos solicitados polos concellos cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa, e que se poidan financiar con cargo ao crédito provincial dispoñible.

No suposto de que os orzamentos das solicitudes presentadas cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa supoñan unha achega provincial superior ao crédito dispoñible no momento da elaboración do plan, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

CRITERIOS DE PRIORIDADE
1.-Obras de concellos que non tiveran obras incluídas nas anualidades anteriores deste plan
2.-As obras de infraestruturas do ciclo hidráulico terán preferencia sobre as obras de calidade ambiental do contorno, e estas sobre as de mellora da rede viaria local intermunicipal.
3.-Obras de concellos de menor poboación

As solicitudes completas que non puideran incluírse no plan base por non haber crédito dabondo, incluíranse nun primeiro apartado do plan complementario para a súa aprobación na seguinte fase ou anualidade.

Igualmente, as solicitudes que estean pendentes de completar documentación incluíranse no segundo apartado do plan complementario, con carácter de programación de actuacións, e non se aprobarán definitivamente ata que estean correctas e completas.

E na última anualidade do plan, incluíranse nun terceiro apartado do plan complementario, as obras solicitadas polos concellos con carácter supletorio para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulación de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

A aprobación da anualidade 2008 do plan, no caso de que se aprobe antes da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008, quedará condicionada á súa entrada en vigor.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emita o informe, poderanse proseguir os trámites.

Na última anualidade do plan, aplicaranse a cada concello os remanentes que lle poidan corresponder pola aplicación das baixas de licitación ou anulacións de proxectos. No suposto de que algún concello non poida executar no período 2008-2011 investimentos polo importe total que lle foi asignado por non ter toda a documentación administrativa e técnica correcta e completa, a deputación poderá realizar investimentos noutros concellos para a realización das obras supletorias que figuran no terceiro apartado do plan complementario aplicando, no seu caso, os criterios de prioridade da base 6, coa finalidade de que no período 2008-2011 se

invista a práctica totalidade dos 40.000.000,00 € que se destinan ao financiamento deste plan.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberá realizarse ata o día 30 de novembro do ano de aprobación do plan. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, logo da solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no art. 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente obra. Non obstante, na última anualidade deste plan, as baixas aplicadas a minorar a achega da deputación poderán destinarse por cada concello a financiar as obras que o concello solicite dentro do plan complementario, de acordo co establecido no último apartado da base 6.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse a esta deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- A documentación que se concretará na circular de contratación, xustificativa da adxudicación realizada.
- No caso de executalas a propia administración, debera presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007, de contratos do sector público.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As obras deberán quedar totalmente rematadas e certificadas antes do 1 de novembro do ano seguinte ao de aprobación do plan. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar unha prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido na citada Lei 30/2007, de contratos do sector público. En todo caso, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. Non obstante, no suposto de que o concello non teña esgotado o seu importe de participación no plan, poderá solicitar que o dito importe se destine a financiar os incrementos producidos por modificacións de proxectos ou certificacións finais de obra.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuaraa os respectivos concellos presentando a certificación da execución das obras.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figura na súa páxina web, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000,00 euros, salvo na última certificación.

A deputación transferirá ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, logo da verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no plan, ou aos proxectos modificados que fosen formalmente aprobados.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflecta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación da execución, deberá achegarse a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/Dona
Concello de

secretario/a do

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión realizada o
outros, o seguinte acordo:

adoptou, entre

1º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º) (Cubrir só na anualidade 2011).

Solicitar a inclusión das seguintes obras no Plan complementario para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulacións de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva quede condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes. A devandita aplicación realizaraa a deputación na última anualidade deste plan, segundo se detalla no último apartado da base 6.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL
TOTAL	

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite

que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en _____, de _____.

V. e pr.

O alcalde

25.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DA PRAZA DA REITORAL” DO CONCELLO DE NEDA, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 2 /2007. CÓDIGO 07.2102.0433.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación a praza da Reitoral” (código:07.2102.0433.0) do Concello de Neda, incluída no POS adicional 2/2007, cun orzamento de contrata de 52.121,09 €, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total nin cambio do obxecto nin da finalidade da obra, si implica variacións de partidas internas que superan o 30% do orzamento total da obra.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Concello.	Orzamento Total
07.2102.0433.0	Neda	Pavimentación Praza da Reitoral	15.464,30	36.656,79	52.121,09

26.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 1 DA OBRA “REFORMA DA NAVE DO MERCADO DE GANDO” DO CONCELLO DE CURTIS, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2006. CÓDIGO 06.2300.0211.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Reforma da nave do mercado de gando” do Concello de Curtis incluída no Programa operativo local (POL) 2006, código 06.2300.0211.0, que presentou a directora das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 180.549,51 € o proxecto reformado da obra “Reforma da nave do mercado de gando” do Concello de Curtis, incluída no Programa operativo local (POL) 2006, código 06.2300.0211.0, cuxa 1ª fase se aprobou mediante acordo plenario adoptado o 23 de febreiro de 2006.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 20.592,96 € a prezos de contrata, sendo de 15.339,26 € a prezos de adxudicación. O incremento financeiro integramente a deputación (código:06.2300.0211.1).

Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

“Reforma da nave do mercado de gando” (Concello de Curtis)			
	Orzamento Proxecto Inicial a prezos de contrata	Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
	06.2300.0211.0		06.2300.0211.1
Deputación f.p.	24.028,67	44.621,63	20.592,96
Deputación Outros	7.997,83	7.997,83	0
Estado	53.201,55	53.201,55	0
FEDER	74.728,50	74.728,50	0
TOTAL	159.956,55	180.549,51	20.592,96

3º.- As aprobacións referidas (do proxecto reformado e do seu financiamento) quedan condicionadas á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2008 no que se incluía o importe íntegro do incremento do orzamento de contrata (20.592,96 €) que experimentou a obra “Reforma da nave do mercado de gando” do Concello de Curtis, código 06.2300.0211.0, en virtude da reforma do proxecto.

4º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no *BOP* para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

7º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, e entrado en

vigor o expediente de modificación de créditos, terase por definitivamente aprobado o presente expediente.”

27.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS 1-F” DO CONCELLO DE MUROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL 2005. CÓDIGO 05.2100.0216.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Acond. Da Praza de Abastos 1-F” do Concello de Muros, incluída no POS 2005 co código:05.2100.0216.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

05.2100.0216.0		Acond. Da Praza de Abastos 1-F(Concello de Muros)	
	Proxecto inicial	Proxecto Reformado	Diferenza
Deputación f.p.	29.361,94	29.361,94	0
Deputación préstamo	23.542,45	23.542,45	0
Estado	9.689,54	9.689,54	0
Concello	4.635,45	7.248,80	2.613,35
TOTAL	67.229,38	69.842,73	2.613,35

28.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO PARA PROMOVER O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO RECINTO FEIRAL DE FERROL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol, FIMO para financiar a execución das obras de adecuación do Recinto Feiral de Ferrol.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 250.000,00 euros.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/721A/767.01.

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PRO FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE FERROL (FIMO) PARA FINANCIAR A REHABILITACIÓN DO RECINTO FEIRAL ANUALIDADE 2008

A Coruña, de de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha banda,

O Sr. Don Francisco Cruz Senra que actúa en nome e representación do Consorcio Pro Feiras de Ferrol.

E doutra,

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en calidade de presidente e consonte coas competencias que ten atribuídas.

As partes, en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras de Ferrol consideran de grande interese o obxectivo de financiar de maneira conxunta o proxecto que se incorpora ao presente convenio.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva ao acondicionamento e mellora no recinto feiral de Ferrol.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Consorcio Pro-Feiras de Ferrol, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO , CIF 15060478 para o financiamento de, tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por Don Pedro Fraga López , enxeñeiro industrial .

O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO -, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

SEGUNDA.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase da seguinte maneira:

DESCRICIÓN	PREZO
WISEIRA DO VESTÍBULO DE ENTRADA Ó EDIFICIO E USOS MÚLTIPLES	27.530,00
ZÓCALO E ESCALEIRAS EXTERIORES	17.960,00
VESTÍBULO DA ENTRADA	29.940,00
CORREDOR CENTRAL	7.250,00
ESCALEIRAS INTERIORES	27.290,00
PINTADO DE ESTRUTURA METÁLICA EXTERIOR DOS PORTALÓNS DE ENTRADA AO RECINTO FEIRAL	29.550,00
ACONDICIONAMENTO DOS SERVIZOS DE MULLERES, HOMES E MINUSVÁLIDOS DOS PAVILLÓNS, Nº 1, 2 E 3	28.890,00
REHABILITACIÓN DAS FACHADAS DE PEDRA NO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES	28.750,00
SUBMINISTRACIÓN DUNHA CARRETILLA ELEVADORA	52.840,00
TOTAL	250.000,00

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 250.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/721A/767.01, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da deputación non é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - obteña para a mesma finalidade.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, para o que se utilizarán para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter técnico ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, polo que se aplicará sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CONSORCIO PROFEIRAS E

EXPOSICIÓN - FIMO - deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

-Copia do contrato e do expediente de contratación, certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.

-Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

-Certificación de aprobación desta polo órgano competente.

-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

1. Así mesmo, coa derradeira certificación de obra, deberase acompañar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de cinco anos.

O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula SÉTIMA.

Non será posible expedir un pagamento anticipado se o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓN - FIMO - deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitírselle á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

SÉTIMA.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS, FIMO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do

cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

NOVENA.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS -FIMO- destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data do pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, CONSORCIO PROFEIRAS E EXPOSICIÓNS - FIMO - queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

DÉCIMO PRIMEIRA.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.”

29.- ACORDO SOBRE A INICIACIÓN DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO DA COSTA DA MORTE

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Acordar o inicio dos trámites para a constitución dun Consorcio de Turismo da Costa da Morte e da súa Comisión Xestora que terá a representación provincial até a definitiva constitución dos órganos de goberno do mencionado consorcio.

2.- Designar como representante da Corporación Provincial da Coruña, na Comisión Xestora do Consorcio a Pablo Villamar Díaz.”

30.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO INTERREG.III A GALICIA NORTE DE PORTUGAL PARQUE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Autorizar a modificación do proxecto INTERREG III A GALICIA NORTE DE PORTUGAL PARQUE, aprobado polo Pleno da Corporación o 29 de xuño de 2006, no sentido de minorar a previsión de gasto referido aos conceptos que se indican, asumindo o Concello de Lugo a xestión derivada da economía producida.

GASTO	IMPORTE	PARTIDA
* “promoción e difusión “	17.848,80 €	0305/721.b/227.99
* “formación”	10.019,20 €	0305/721.B/227.99

2.- O gasto modificado correspóndelle á partida 0305/721B227.99.”

31.-PROGRAMA DE APOIO AO PROXECTO CIDADES DIXITAIS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder unha achega aos concellos que se relacionan no anexo I por importe de 407.565,32 € para garantir o financiamento dos proxectos que están a promover encamiñados ao desenvolvemento no ámbito territorial da provincia da Coruña do Programa Cidades Dixitais 2007-2010 no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información para os exercicios 2007 e 2008.

2.- Para o cobramento da subvención os concellos deberán presentar UNHA CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA, mediante achega da seguinte documentación:

A.- Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

No caso de subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren gastos de investimento a memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas, publicidade do financiamento provincial (cartel informativo ou placa conmemorativa), e cumprimento de normas contractuais. No suposto de subministración de bens de equipo ou de prestación de servizos por empresas de consultoría ou de asistencia técnica, estarase ao disposto do establecido na Lei 30/2007 do 30 de outubro de 2007, de contratos do sector público.

B.- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos realizados, con identificación dos acredores (nome ou razón social, apelidos e NIF), dos conceptos de gasto (número de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión) e, no seu caso, data e medio de pagamento. O citado pagamento, que se poderá realizar tanto antes como despois do cobramento da subvención, deberá quedar acreditado documentalmente

mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico en importes de escasa contía nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

C.- Unha certificación expedida polo interventor do concello, co visto e praxe do seu alcalde, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

D.- Unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe ou procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

A Deputación da Coruña, aleatoriamente, comprobará os xustificantes que estime oportunos, e que permitan obter unha evidencia razoábel sobre a axeitada aplicación da subvención, para o que se poderá requirir á entidade a remisión dos xustificantes dos gastos seleccionados.

Nos casos en que sexa de aplicación, o concello deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse a certificación da administración concedente, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados e o período ao que se refiren os gastos.

3.-Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

Na determinación de sancións no caso de comisión de falta leve previstas no art. 56 de dita lei, aplicarase a multa fixada no art. 59 en contía comprendida entre 75 e 600 euros.

No caso de incumprimento dos prazos de xustificación se o retraso no cumprimento do prazo de xustificación non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción

imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe total de 900 euros. O incumprimento reiterado, polo mesmo beneficiario, en distintas convocatorias nos prazos de xustificación implicará que se apliquen as sancións antes expostas elevando nun grao a que proceda.

4.- Así mesmo deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial da Coruña, polo que deberá autorizar á deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

5.- O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas, ao concello para tal fin pola deputación, Xunta de Galicia e por calquera outra administración pública o privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e, no caso de sobrepasar esa cifra, a deputación aboará como máximo a cantidade concedida.

6.- O gasto derivado do presente acordo será imputado á partida 0305/721A/762.01.

7.- Aprobar o texto do convenio tipo a través do que se asinarán os compromisos do proxecto “CIDADES DIXITAIS 2007-2008”, exercicios 2007-2008.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA FINANCIAR O PROXECTO, INCORPORADO NO PROGRAMA DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA “CIDADES DIXITAIS 2007-2010”

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO , para o financiamento da (DENOMINACIÓN DO PROXECTO).

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

O orzamento total da execución do proxecto ao que se fai referencia na cláusula anterior.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe de _____ (*expresión en tanto por cento con dous decimais, cun máximo do 80 por cento*).

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o _____ (*tanto por cento, con dous decimais*), da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras ou subministracións e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2008	0305/721.A/762.01	407.565,32

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao CONCELLO que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe neste a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do contrato de execución das obras ou subministracións descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

(Se o importe do financiamento provincial supera os 30.000 euros)

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da deputación seralle aboada ao CONCELLO a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra ou facturas de subministracións, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CONCELLO deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra ou factura de subministracións e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Así mesmo, coa derradeira certificación de obra ou factura de subministracións, deberase achegar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. Os proxectos que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos, antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas os proxectos, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda de subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de até 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel

que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras ou actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o CONCELLO será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30.11.2008.

2. Previa solicitude do CONCELLO , o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e tras os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e do CONCELLOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

**ANEXO I
PROXECTOS DIXITAIS 2007-2010**

CONCELLO	PROXECTO	ORZAMENTO	XUNTA	%	A.DEPUTACIÓN	%
ABEGONDO	<i>Concellum. Ferramenta de xestión de contados na internet e administración electrónica</i>	298.920,40	175.764,96	58,80 %	123.155,44	41,20 %
BOIRO	<i>Adaptación da páxina web municipal para a xestión dunha oficina virtual</i>	21.008,00	12.352,70	58,80 %	8.655,30	41,20 %
CAMARIÑAS	<i>Implantación da admón. electrónica no Concello de Camariñas</i>	18.670,00	10.997,96	58.907 %	7.672,04	41,093 %
A CORUÑA	<i>Novas tecnoloxías, cidadanía e lingua</i>	20.000,00	11.760,00	58,80 %	8.240,00	41,20 %
MELIDE	<i>Desenvolvemento xestor de contidos</i>	41.997,00	17.640,00	42,00 %	24.357,00	57,997 %
TEO	<i>Plan de modernización administrativa do concello de Teo "Teo-c-tramita", tramitación electrónica</i>	246.999,00	111.720,00	45,2309 %	135.279,00	54,769 %
ZAS	<i>Proxecto accións para implantación e achegamento a e-admón. da poboación do concello de Zas</i>	189.619,00	89.412,46	47,15 %	100.206,54	52,84625 %
TOTAL					407.565,32	

32.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DO EUME.

1.- Deixar sen efecto o convenio administrativo entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Deputación Provincial da Coruña, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume aprobado na sesión plenaria do 26 de outubro de 2007.

2.- A deputación comprométese a incluír nos orzamentos do 2008 e 2009 o crédito suficiente para financiar a achega provincial de acordo co seguinte detalle:

ANUALIDADE 2008.....140.000,00 €
 ANUALIDADE 2009..... 580.000,00 €

A deputación comprométese, de conformidade co establecido no artigo 174.5 do Texto refundido da lei 2/2004, do 5 de marzo, reguladora de facendas locais, a achega dos gastos de carácter plurianual destinados ao financiamento das obras nas anualidades 2008 e 2009 que quedan establecidos tal e como se indican no apartado precedente. Polo tanto quedan excepciónadas as porcentaxes establecidas na norma citada.

A achega provincial poderá facerse efectiva de acordo coas previsións e requisitos fixados no texto do programa con cargo á partida 0305/751A/762.01, conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades, e previa anulación dos documentos contables vinculados ao convenio citado no primeiro parágrafo e da transferencia do importe correlativo á partida 0305/751A/762.01:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	140.000,00 €		140.000 €
2ª	ACHEGA		580.000,00 €	580.000 €
TOTAL				720.000 €

3.- Aprobar o texto das bases reguladoras do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume é un programa plurianual da Deputación Provincial da Coruña para os exercicios 2008-2009, que se financia integramente coa achega provincial en cada unha das anualidades ata acadar un total de 720.000 euros nos dous anos da súa vixencia.

ANUALIDADES	PARTIDA ORZAMENTARIA	ACHEGA PROVINCIAL
2008-2009	0305/751A/762.01	720.000 EUROS

O financiamento da achega provincial a cada unha das anualidades 2008 e 2009 realizarase segundo se detalla no apartado 4 destas bases.

A aprobación da anualidade 2009 non poderán realizarse ata a entrada en vigor do respectivo orzamento provincial no que se consigne o crédito correspondente.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste programa é a de apoiar e colaborar cos seis concellos da zona Eume (Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior, As Pontes e A Capela) na realización de investimentos en infraestruturas e na adquisición de equipamentos relacionados coa mellora e ampliación dos servizos turísticos, co obxecto de mellorar a competitividade turística da zona do Eume e a súa sustentabilidade económica, social e ambiental.

Por iso, o programa concretarase na realización dun conxunto de actuacións que cumpran os seguintes obxectivos:

- Dotacións de infraestruturas, equipamentos e servizos turísticos axeitados ou no seu caso, mellora da calidade dos existentes.
- Potenciación da diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Creación de novos produtos turísticos.
- Posta en valor do patrimonio cultural e natural.
- Mellora dos obradoiros de artesanía existentes na zona.
- Conservación e protección dos espazos naturais.
- Potenciar a mellora da calidade ambiental.

- Potenciar o turismo sustentable como eixe de desenvolvemento socioeconómico, cunha aposta decidida pola calidade e singularidade do produto.

- Potenciar actuacións de integración ambiental e de desenvolvemento rural, e que xire arredor de dous eixes vertebradores da zona como destino turístico: o Camiño Inglés e a Ruta dos Andrade.

As actuacións cuxa execución se soliciten deben cumprir os seguintes requisitos:

1.- As obras deben ser completas, no sentido de ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e así se fará constar na memoria do proxecto. No caso de que na súa denominación se indique que se trata dunha fase, tramo, parte, etc. debe achegarse ademais un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

2.- Cada obra debe identificarse cun proxecto técnico, que debe ser redactado conforme ao establecido no artigo 107 da citada Lei de contrato do sector público.

3.- A achega provincial destinarase exclusivamente ao financiamento da adquisición de equipamentos e da execución da obra definida no proxecto técnico correspondente.

4.- O orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no programa fíxase na cantidade de 30.000 euros (18.000 euros no caso de equipamento).

5.- As denominacións das obras deben identificar claramente a actuación a realizar, polo que non se admitirán as que sexan de carácter xenérico.

6.- O concello deberá acreditar documentalmente que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e coas autorizacións e concesións administrativas que sexan precisas para a súa execución.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste programa son os 6 concellos da zona eume que se relacionan a continuación: Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior, As Pontes e A Capela.

4.- FINANCIAMENTO

O presente programa plurianual financiarase coas achegas da Deputación provincial e as achegas voluntarias dos concellos beneficiarios.

4.1.- Achega provincial

O importe total da achega provincial a este programa para o período 2008-2009 ascende a 720.000 euros, distribuídos en dúas anualidades.

A deputación financiará a anualidade 2008 cunha achega provincial por importe de 140.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 0305/751A/762.01

Para a anualidade de 2009 a deputación comprométese a incluír no respectivo orzamento provincial a cantidade precisa para financiar este programa.

A deputación comprométese a realizar ao final do período 2008-2009 un investimento total por importe total de 720.000 euros.

A cada un dos seis concellos asígnaselle unha cantidade máxima de 120.000 euros.

O concello poderá presentar proxectos para seren financiados con cargo á achega provincial asignada a executar durante as anualidades 2008-2009.

Durante os dous anos de vixencia do programa, o concello poderá solicitar anualmente os investimentos que precise, polo importe que considere conveniente, dentro dos prazos de presentación de solicitudes que se concretan na base 5. Poderá solicitar un maior investimento nalgunha anualidade e menor ou ningunha noutras, ata acadar o importe total asignado nos dous anos da vixencia do programa.

Non obstante, debe terse en conta que só se aprobarán anualmente aqueles proxectos que contén con todas as autorizacións administrativas que sexan precisas para a súa execución, así como os terreos que sexan necesarios e así se acredite documentalmente.

4.2.- Achega municipal

Os concellos non teñen a obriga de facer ningunha achega, non obstante estes poderán voluntariamente facer unha achega municipal cando sexa preciso para completar o orzamento total do proxecto técnico das obras ou do equipamento que solicite para a súa inclusión neste programa e cuxo presuposto sobrepase a súa cantidade asignada.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste programa, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata as datas que se indican en cada unha das anualidades, a documentación que se indica nos puntos 1, 2, 3 e 4 desta base 5:

Anualidade de aprobación pola Deputación	Data límite de presentación da documentación polos concellos
Anualidade 2008	30 de setembro de 2008
Anualidade 2009	30 de setembro de 2009

5.1. Certificación do acordo plenario municipal

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente programa, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se aceptan expresamente estas bases e se preste aprobación aos proxectos técnicos das obras ou de adquisición de equipamentos, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e, de ser o caso, o que se realiza con cargo á achega voluntaria municipal.

Esta certificación recollerá, no caso de achega voluntaria, o acordo de compromiso de achega municipal.

No mesmo acordo indicarse expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras. No suposto de que se soliciten actuacións que estean sometidas a autorizacións ou concesións administrativas, o concello deberá subministrar o documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra ou para a adquisición do equipamento, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.2.- Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, de ser o caso, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc. Neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público.

5.3.- Documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas

Cando no informe técnico que se cita na base 5.2 se indique que para a execución da obra son precisas autorizacións administrativas, deberá subministrarse unha copia compulsada do documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

5.4.- Documentación técnica

Dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da citada Lei 30/2007 de contratos co sector público.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra establécese en 30.000 euros.

6.- APROBACIÓN DO PROGRAMA

A aprobación do programa producirase anualmente, nunha ou dúas fases cada ano de acordo coas posibilidades financeiras da deputación, nel incluíranse os investimentos solicitados polos concellos cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa, e que se poidan financiar con cargo ao crédito provincial dispoñible.

No suposto de que os orzamentos das solicitudes presentadas cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa supoña nunha achega provincial superior ao crédito dispoñible no momento da elaboración do programa, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

- 1º Proxectos de concellos que non presentasen ningún ou o que presentasen menor número de actuacións neste programa.
- 2º.- Obras de concellos de menor poboación.
- 3º Por orde de entrada dos proxectos, presentados polos concellos, no Rexistro Xeral da deputación.

As solicitudes completas que non puideran incluírse na anualidade de 2008 do programa base por non haber crédito dabondo incluíranse para a súa aprobación na seguinte anualidade. Igualmente, as solicitudes que estean pendentes de completar documentación non se aprobarán definitivamente ata que estean correctas e completas.

Unha vez aprobado o programa, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que durante un prazo de

10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública sen que se presenten alegacións poderase proseguir os trámites.

7.- CONTRATACIÓN DE OBRAS E DE INVESTIMENTOS

A contratación da obras faraaos os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberá realizala antes do día 30 de marzo do ano seguinte á aprobación do programa. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, logo da solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no programa destinaranse a minorar a achega voluntaria municipal que se realice até anular, se fose posible, a citada achega. No caso de que a actuación non teña achega municipal a baixa destinarase a minorar a achega provincial da correspondente actuación.

Unha vez adjudicadas as obras e/ou as actuacións de investimento deberá remitirse á esta deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras e investimentos con datos de adjudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- Documentación xustificativa da elección do procedemento e forma de adjudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación de ofertas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adjudicación e informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentadas.
- No caso de executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

8.- EXECUCIÓN DO PROGRAMA

As obras e actuacións de investimentos executaraos os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra. A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As obras e actuacións de investimentos deberán quedar totalmente terminadas e certificadas antes do 1 de novembro do ano seguinte ao de aprobación do programa. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitaranse, no seu caso, polo concello de acordo co establecido na citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. En todo caso, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. Non obstante, no suposto de que o concello non teña esgotado o seu importe de participación no programa, poderá solicitar que o dito importe se destine a financiar os incrementos producidos por modificacións de proxectos ou certificacións finais de obra.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

O modelo de cartel de obra que figura na páxina web desta deputación (www.dicoruna.es –modelos de carteis de obra) deberase colocar debidamente cuberto, dende o inicio da obra ata a súa recepción, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao programa.

No caso de que o proxecto sexa de investimento en equipamentos o concello deberá colocar unha placa conmemorativa para dar publicidade do financiamento provincial.

9.- PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

No caso de adquisición de equipamentos os concellos efectuarán a xustificación presentando a certificación do acordo polo que se aprobou a adquisición do equipamento, xunto coa copia, no caso de ben inmovible, da escritura pública de adquisición e no resto dos casos a certificación da aprobación da factura e demais documentos xustificativos polo órgano de contratación. Así mesmo, achegarase a

certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello e, no seu caso, a acreditación da inscrición rexistral a prol deste.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarse á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figura na súa páxina web, debidamente aprobadas polo concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000 €, salvo na última certificación.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, tras a verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no programa.

Coa primeira certificación deberán xuntarse as dúas fotografías onde se reflicta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e a súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

ANEXO I

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/a _____ secretario/a do Concello de

1º Participar no Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume 2008-2009 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade _____, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
TOTAL			

2º Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras previstas no apartado 1º

3º Declarar (de ser o caso) que o concello conta cos terreos, autorización se concesións necesarios para a execución da obra.

4º Para o financiamento do importe da achega municipal, de ser o caso, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

6º Autorízaselle á deputación para que obteña as certificacións da Axenda Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, _____, _____ de _____

Vº e Pr.
O ALCALDE

ANEXO II

ADXUDICACIÓN DE OBRAS

PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DO EUME ANO:_____
FOLLA:_____

NOME PROXECTO:			IMPORTE:
ÓRGANO ADXUDICATARIO: ADXUDICAC:		DATA ADXUD:	
PROCEDEMENTO:	FORMA:	PRAZO:	BAIXA:
CIF:	NOME :		
DIRECCIÓN:			CP
POBOACIÓN: TFO.:			

NOME PROXECTO:			IMPORTE:
ÓRGANO ADXUDICATARIO ADXUDICAC:		DATA ADXUD.	
PROCEDEMENTO:	FORMA:	PRAZO:	BAIXA:
CIF:	NOME :		
DIRECCIÓN:			CP
POBOACIÓN: TFO.:			

NOME PROXECTO:			IMPORTE:
----------------	--	--	----------

ÓRGANO ADXUDICATARIO ADXUDICAC:		DATA ADXUD.	
PROCEDEMENTO:	FORMA:	PRAZO:	BAIXA:
CIF:	NOME :		
DIRECCIÓN:			CP
POBOACIÓN:			
TFO.:			

(nome do concello), _____

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Finalizada a parte dispositiva do Pleno comezamos a parte de control, hai unha moción presentada polo Grupo Popular.

Sra. Vázquez Mejuto

Grazas, presentamos esta moción o Grupo Provincial Popular debido á preocupación que nos están transmitindo, tanto alcaldes, voceiros dos distintos grupos, traballadoras sociais, así como os cidadáns de a pé, está en relación ao servizo de Teleasistencia Domiciliaria. Como todos sabemos, hai dez anos que se comezou a asinar un convenio, aínda gobernaba entón o Partido Popular, en colaboración co IMSERSO e coa FEMP, cuxo fin era dotar de teleasistencia a todas aquelas persoas que o precisaban, sobre todo xente do medio rural que quería estar afincada ao seu lugar de orixe e onde viviu ao longo de todos os seus anos, e isto supoñía dar unha vida máis tranquila, tanto para eles como para os seus familiares. Ao mesmo tempo, isto foi ampliado a posteriori, debido ao gran número de persoas, de mulleres sobre todo, vítimas da violencia de xénero, en concellos de menos de 20.000 habitantes. Hai pouco, como todos sabedes, entra en vigor a denominada Lei de dependencia, foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos no Parlamento Nacional, e entón dicíase que se debería facer unha gran aposta financeira, e que non foi así, de aí que estea dando lugar a moitos problemas, problemas unhas veces que saen á luz pública, e outros que se intentan tapar de forma propagandística, a través dos medios de comunicación, pero a realidade é que son o dobre de dependentes e o sistema de avaliación é un proceso un tanto caótico.

Cal é a nosa sorpresa e a sorpresa tamén de moitos concellos e de moitos cidadáns, é que desde o mes de decembro e por parte da Deputación da Coruña se lle remite a todos os concellos unha notificación dicíndolles que aquelas notificacións que se viñan facendo á deputación para prestar o servizo de teleasistencia se deixen de mandar á Deputación da Coruña e se envíen a Vicepresidencia. Isto non tería ningún problema se por parte de Vicepresidencia se levasen a cabo aqueles propósitos que nos veñen vendendo desde hai moito tempo, pero a realidade é bastante crúa e os políticos temos moita responsabilidade neste sentido, xa que estamos falando de persoas dependentes. Os concellos fan o que desde aquí se lles pide e remiten as solicitudes a Vicepresidencia, que ocorre con estas solicitudes?, que desde o día 2 de xaneiro do ano en curso ningunha destas solicitudes obtivo resposta, co cal estamos diante dun caso que nós consideramos grave, son seis meses onde xente que é dependente, que está soa, e incluso xente, persoas vítimas da violencia de xénero, non se lles está dando resposta ningunha. Este é o motivo polo que o Grupo Popular presenta esta moción para adoptar uns acordos, que son os seguintes: Que a Deputación da Coruña siga igual que outras deputacións mantendo o convenio de colaboración coa FEMP e o IMSERSO e , polo tanto, atendendo ás solicitudes de Teleasistencia, isto vén dado, e pedímolo debido á inoperatividade que está mostrando a Vicepresidencia, doutra banda, que se lle notifique desde a deputación a todos os concellos que remitan as solicitudes feitas desde o 2 de xaneiro do presente ano, e se faga a valoración pertinente por parte dos técnicos da deputación e se lle dea o servizo decontado e que se lle comunique á Vicepresidencia a negativa de deixar descuberto un servizo que ata o de agora viña funcionando e temos que dicir que funcionaba moi ben, ata que teñamos a completa seguridade de que van ser atendidas as necesidades de teleasistencia coas mesmas condicións que ata o 31 de decembro do pasado ano viña facendo a deputación, xa que de non ser así estaríamos nun claro agravio comparativo e sería incoherente que persoas coas mesmas condicións se lle aplique distinta baremación.

Sr. Sande Muñiz

Grazas Sr. presidente, ben desde logo os grupos de goberno imos rexeitar a urxencia desta moción e, ben, creo que é necesario unha contestación aínda que só imos debater sobre a urxencia da cuestión, ben, hai unha serie de cuestións que se afirman no texto desta moción que fallan á verdade e están moi afastadas de como son as cousas na realidade, polo tanto, requiren dunha contestación; efectivamente o programa de teleasistencia domiciliaria xestionada polas deputacións provinciais, as catro deputacións provinciais do noso país, foi instaurado por un convenio marco asinado no ano 1993 entre o IMSERSO e a FEMP establecendo a posibilidade de que se puidese adherir ás Corporacións locais, posibilidade que exercitaron as catro deputacións provinciais mediante as sinaturas dos correspondentes convenios singulares de adhesión entre o IMSERSO, a FEMP e os catro organismos provinciais, que se fixo efectiva no ano 98, 1998. O financiamento quedou establecido nestes convenios da seguinte maneira, o IMSERSO achega o 65% e cada deputación o 35%

restante. O IMSERSO reservouse a facultade de ir autorizando as altas dos usuarios do programa, o que foi determinado ano a ano mediante a sinatura sucesiva das correspondentes prórrogas dos convenios. Á FEMP outorgóuselle a competencia para contratar a prestación do servizo de Teleasistencia, adxudicándollo á empresa Eulen S.A. hoxe EUXA, por último as deputacións asumiron a competencia da xestión das altas e baixas dos usuarios deste servizo, dentro dos límites que anualmente vén establecido o IMSERSO e que se establecen nos correspondentes convenios.

No proceso de deseño e posta en marcha deste programa entre a Administración estatal e as Administracións locais obviouse o feito de que as competencias en materia de asistencia social correspóndenlles, con carácter exclusivo, ás Comunidades Autónomas, de conformidade co artigo 148.1.20 da Constitución española e o establecido nos diferentes Estatutos de Autonomía, no caso do Estatuto Galego no artigo 27.23.

Desde a sinatura do convenio entre o IMSERSO, a FEMP e as deputacións provinciais galegas no ano 98, a Administración autonómica veu cooperando coas deputacións no financiamento dos custos do programa, achegando cada unha das deputacións o 15%, é dicir, dese 35%, a Xunta achegaba o 15% e as deputacións o 20% restante. Durante o ano 2007 a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia iniciou a posta en marcha dun programa autonómico de teleasistencia con cobertura para todo o territorio galego, coa idea de reconducir o actual programa provincial e axeitalo ao reparto de competencias en materia de servizos sociais. Ademais é necesario ter en conta tamén que o Tribunal de Contas, que fai un seguimento da axuda a domicilio en todo o estado español, no caso da teleasistencia realizou un informe no que considera que non se contratou correctamente o servizo, xa que a FEMP non é quen debe contratar e ademais o proceso non se axustou á normativa de contratación das administracións públicas.

Xa que logo, en coherencia con todo isto e, unha vez posto en marcha o servizo de teleasistencia por parte da Comunidade Autónoma, desde a Deputación da Coruña adoptouse a decisión de dispoñer o inicio da extinción de forma gradual do programa provincial de Teleasistencia, mantendo todas as altas existentes ata o momento en que sexan asumidas polo servizo autonómico. Polo tanto, en consecuencia, asinou se a prórroga do convenio co IMSERSO e a FEMP para este ano 2008, manténdose o límite das telealarmas existentes no ano 2007.

Polo tanto, si se asinou, ao contrario do que se afirma no texto da moción, a prórroga do convenio que está en vixencia, cunha partida de 158.000 euros, do que, por certo, deuse conta na Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística, o 15 de outubro de 2007.

Para este ano 2008 desde a Xunta de Galicia comunicaron xa no momento oportuno que ao crear o seu propio servizo deixaban de achegar ese 15% que viñan achegando. Desde a Sección de Servizos Sociais da Deputación comunicóuselles aos

concellos nesa carta que comentaba a Sra. deputada, que as novas altas tiñan que tramitarse diante da Xunta de Galicia, que é a que ten a competencia e que dispón xa dun servizo propio, e que só se darían neste ano 2008 altas novas de producirse as seguintes circunstancias: primeiro, que o concello teña unha baixa na cota de telealarmas ao que chegara no ano 2007, e segundo, que se solicite por parte do usuario o recurso no servizo da Xunta e que lle sexa denegado por ter chegado a Xunta ao tope máximo de telealarmas. Pero, en todo caso, esta deputación vai seguir mantendo os servizos que xa viña prestando nas mesmas condicións, sen que ningún usuario se vexa afectado de ningunha maneira. Como dicía a Sra. deputada, o servizo préstase cunha eficiencia importante desde a Sección de Servizos Sociais, víñase prestando e séguese prestando, e seguirase prestando entre tanto a Xunta non asuma o cen por cento dos usuarios.

Ao final do pasado ano 2007 permanecían instaladas un total de 1.560 terminais, repartidas entre os 83 concellos que están adheridos ao convenio. A data de hoxe, concretamente o 26 de maio, os datos que tiñamos, producíranse 19 baixas, co que na actualidade o número de terminais que permanecen instalados no servizo de teleasistencia xestionado por esta deputación e cun convenio co IMSERSO, é de 1.541.

Tampouco é certo que desde o servizo da Xunta e desde a Vicepresidencia non se estean atendendo as solicitudes dos concellos, e por outra parte tampouco é certo, é dicir, aquí no texto da moción fálase, mestúrase a xestión e a tramitación da dependencia, coa tramitación da teleasistencia que non ten nada que ver. A teleasistencia é un dos recursos que se recoñecen na Lei de dependencia, pero a tramitación desta non ten nada que ver coa tramitación da dependencia. A Xunta non chegou aínda á cota dos 3.000 terminais que ten contratados, e non recibiu ningunha queixa, segundo nolo comentan desde a Delegación provincial, ningunha queixa de ningunha concello ao respecto. Están contestando cada solicitude no prazo máximo dun mes, e a día de hoxe os datos que nos pasan a día de hoxe desde a Delegación Provincial é que teñen feitas, recibidas, 510 solicitudes dentro da provincia da Coruña, das que teñen xa concedidas 291, e outras 220 en trámites, en moitos casos son solicitudes recibidas recentemente, outras que se lles requiriu completar documentación, etc. En todo caso, están contestando no prazo máximo dun mes cada solicitude recibida.

Por todo, isto, evidentemente, rexeitamos a urxencia desta moción.

Sr. Presidente

En puridade, teríamos que debater a urxencia, e unha vez debatida, votada a urxencia, se se aprobouse, teríamos que entrar no contido, pero como a señora propoñente interveu e presentou o contido, e o Sr. deputado responsable dos Servizos Sociais respondeu tamén sobre o contido, como esta Presidencia é sempre xenerosa na interpretación do Regulamento e na aplicación dos tempos, e concede unha quenda,

logo tería vostede outra quenda, e votariamos a urxencia, aínda que estamos explicando xa o contido.

Sra. Vázquez Mejuto

Grazas, Sr. presidente. Dikir, Sr. deputado, que creo que estivo mesturando unha morea de cousas e ao final case non nos decatamos do que está ocorrendo.

Non dixemos en ningún momento que o convenio que estaba asinado e coa xente que tiña en marcha o servizo non siga, o que si estamos dicindo é que a xente que a partir do día 2 de xaneiro solicita este servizo, non se está cubrindo por parte da deputación, e tampouco se está cubrindo por parte da Xunta de Galicia, e pódolle dicir a relación dos concellos que nos chamaron e nós chamamos e levan seis meses sen contestar nin unha soa solicitude, é dicir, non é certo que se estea contestando nun mes, porque de ser así non tería ningunha lóxica que se puxesen en contacto connosco, nin nós presentásemos esta moción. O exemplo está na Deputación de Pontevedra, que visto que non funcionaba como debería desde Vicepresidencia, decidiu manter e volver a asinar de novo o convenio, pero para facer incorporacións, non para seguir coa mesma xente que xa dera de alta, porque se non hai un agravio comparativo entre os que solicitaron antes do 31 de decembro do ano pasado, e os que solicitaron a partir do día 2 de xaneiro do ano en curso. En total, nós detectamos unhas 200 persoas afectadas que non se lles deu para nada resposta e, doutra banda, eu creo que debe de ser unha actitude responsable por parte da Deputación Provincial da Coruña seguir incrementando e poñendo eses 85.000 euros para poder cubrir, mentres que así non o faga Vicepresidencia, as necesidades que temos a nivel da provincia da Coruña. Moitas grazas.

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. presidente, moi brevemente. Si se afirma no texto da moción, leo textualmente: “O servizo de Teleasistencia viña funcionando e cubrindo as necesidades da provincia de forma axeitada, servizo que, polo que podemos comprobar, deixou de prestar a deputación e non é capaz de prestar a Xunta, e súmase o feito de que ao non renovarse o convenio de colaboración co IMSERSO e FEMP, os concellos da nosa provincia vén diminuídos os seus recursos financeiros”. Si se asinou o convenio, como se dixo anteriormente, e ademais deuse conta na Comisión Informativa á que me referín anteriormente.

Simplemente, os datos comentáballos antes, dados pola Vicepresidencia, é dicir, 300 altas, preto de 300 altas dadas xa, e outras 200 en trámite, en todo caso na súa maior parte porque se lle requiriu documentación, pero si contestadas, non é certo que non se estean atendendo desde a Xunta de Galicia. O que non ten sentido é que se preste un servizo desde a Xunta e tamén se preste desde a Deputación, cando as

competencias son da Xunta e as asume, neste caso a Xunta de Galicia. A Deputación vai seguir asinando o convenio, a prórroga do convenio, e vai seguir atendendo a todos os usuarios en canto a Xunta non asuma o cen por cento dos servizos. Nada máis.

Vótase a urxencia da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Decaer a moción.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redáctase a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.